

**Recensións**  
**Reviews**



**BÁRDOSI, Vilmos e GONZÁLEZ REY, María Isabel (2012): *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español*. Lugo: Editorial AXAC. ISBN 978-84-92658-19-0; 364 páxs.**

No número anterior de *Cadernos de fraseoloxía Galega* (CFG) Xesús Ferro (Ferro 2012) xa presentara este novo dicionario fraseolóxico. Permítome engadir algunhas observacións máis á súa valoración. Primeiro, quixera subliñar que comparto plenamente a opinión do director de CFG de que se trata de “unha obra ben concibida, metodicamente realizada e magnificamente informada” (Ferro 2012: 339). Ata me atrevería a afirmar que o tratamento fraseolóxico das expresións reunidas no dicionario é excepcional. Este manual, construído sobre bases teóricas sólidas, facilita ao máximo posible o emprego dun tipo de dicionario pouco habitual na Península Ibérica, un dicionario de fraseoloxía conceptual bilingüe. Os dous autores son recoñecidos investigadores de fraseoloxía, expertos en fraseodidáctica e fraseografía, e contan cun gran número de publicacións que saíron, entre outras, na revista CFG. É, pois, lícito supoñer que este novedoso dicionario terá reedicións e outras versións; por isto, neste escrito sinalo algunhas pequenas imperfeccións que, no meu xuízo, pagaría a pena corrixir no futuro.

Os lectores desta revista estarán familiarizados coas opcións fraseográficas dunha das obras principais de V. Bárdosi (ver Morvay 2004), o gran dicionario fraseolóxico húngaro, editado co título *Szólástár* (“Fraseoteca”) (Bárdosi 2003). Unha das solucións prácticas moi útiles desta obra é a de resumir a significación dos signos empregados con máis frecuencia na parte inferior da páxina, debaixo dunha liña de separación. Trátase dun tipo de axuda empregada tamén no *Diccionario fraseológico temático francés-español* (DFTFE) recensionado aquí.

A rodapé de todas as páxinas pares explícase en francés e castelán o valor destes signos:

- |  |                       |
|--|-----------------------|
| * índice de frecuencia                     | ! nota explicativa    |
| = definición da locución                   | ~ equivalente español |
| ●* xesto, falso amigo ou cambio de sentido |                       |

E a rodapé das impares explícanse estoutros signos :

- |   |   |
|---|---|
| < > reccións nas locucións                                | ◆ separa as partes francesas e españolas nas definicións ou notas explicativas. |
| / / pronunciación   |   |
| ( ) elemento facultativo                                  |   |
| [ ] observacións gramaticais, contextuais complementarias |   |

Ademáis, na páxina 19 da introdución o usuario ten á súa disposición a lista recapitulativa dos signos empregados na obra. Na segunda parte do dicionario (*Índices*) tamén se utiliza esta solución de lembrar a información importante na parte inferior da páxina. (Ver, entre outras, as páxs. 24-25, 310-311, 320-321 ou 338-339). Para explicacións máis detalladas pódese consultar a presentación da estrutura e características do dicionario na parte introdutoria (páxs. 8-10) e a da estrutura dos artigos (páxs. 10-15). Aproveito a ocasión para mencionar que na páx. 24 consta, erradamente, a indicación “Voir aussi l’index

alphabétique des concepts-clés français, hongrois” no canto de “concepts-clés français, espagnol” como se pode ler na páx. 25.

A rede conceptual do dicionario –como observa tamén Xesús Ferro– resulta eficaz no uso activo dos fraseoloxismos franceses (Ferro: 337). Para axilizar este proceso, completouse a lista dos conceptos clave cuns sinónimos franceses. Ver p.e. no *Index alphabétique des concepts-clés* conceptos como *calme, calvitie, cherté, contradiction, coquetterie, crédulité* etc. Nas indicacións correspondentes na parte inferior da páxina indicásenos que “as áreas conceptuais francesas tratadas no dicionario aparecen en versalita e negrita”. Figuran en minúsculas algúns dos seus sinónimos frecuentes en francés”. (Ver, entre outras, a páx. 311). Unha información semellante consta na introdución (páx. 14), pero en ningunha parte se explica que estes conceptos sinonímicos “auxiliares” non aparecen nin no apartado de *Clasificación temática de los conceptos clave del diccionario* (páxs. 24-27), nin nos capítulos sinalados oportunamente á par destes conceptos.

Este tipo de dicionario fraseolóxico temático ideado polo autor húngaro espertou o interese internacional e tivo xa diferentes versións, das que os autores enumeran tres nunha nota ao pé da páxina 8: a húngara (do ano 1986), a alemá (do 1992 con dúas reedicións, do 1998 e do 2003) e a rusa (do 2002). Non se mencionan outras edicións húngaras, nin que a primeira versión foi redactada por Vilmos Bárdosi e Jean-Yves de Longueau (1987, reeditado en 1994). No final da introdución, no apartado de agradecementos, sinálase que se empregou o manuscrito húngaro para a redacción da presente versión francesa-española (ver páx. 14) sen precisar que se refire á recente edición (do 2010) da obra.

Todas as versións enumeradas no apartado “Obras de V. Bárdosi mencionadas na recensión” das *Referencias Bibliográficas* conteñen exercicios fraseolóxicos eliminados dos materiais franco-españois. Por esta decisión, os usuarios terán que inxeniar un método propio para poder familiarizarse cos mil galicismos ofrecidos, o que non é unha tarefa nada doada. Os autores aseguran que o seu libro é un manual de referencia e indican que “el contenido del diccionario naturalmente no es posible (ni hace falta) aprenderlo de una vez [...]. Cada lector puede avanzar según su método individual y a su ritmo de aprendizaje, para llegar a asimilar el mayor número posible de locuciones francesas” (páx. 9). Evidentemente, uns exercicios acompañados por unha clave de solucións, como os que teñen outras edicións, poderían constituir unha axuda ideal para os usuarios hispanofalantes no proceso de adquisición da fraseoloxía francesa.

Grazas ás notas, entre outras sobre a orixe de certas unidades, moitos fragmentos deste manual ofrecen explicacións moi interesantes que ao mesmo tempo permítenlle ao lector mellorar o seu francés para non falalo *comme une vache espagnole* (páxs. 218-9/35), unha expresión de etimoloxía discutida. Todos os usuarios poden achar enriquecedoras as etimoloxías de locucións de orixe greco-romana coma *nettoyer les écuries d’Augias* (151/13) ou informacións lingüísticas (p.e. a procedencia dalgunhas palabras como *cap* na expresión *s’habiller de pied en cap* (páx. 47/8). Os materiais recollidos para as primeiras versións completáronse máis tarde con “novas adquisicións”, como exemplifica o caso da locución *parler la langue de bois* que constitúe un dos raros casos de préstamo fraseolóxico

do polaco durante os anos 1980 (páx. 219/37). É unha mágoa que certas formas polacas estean transcritas con erratas (*drweniania mowa* en vez de *drewniania mowa* ou *dretwa mowa* en vez de *drętwą mowa*). N. B. en polaco, no sentido de “conversa baleira”, utilízase tamén na combinación de palabras *mowa trawa* (literalmente “habla (de) césped ~ langue (de) pelouse”).

Ás veces un ten a impresión de que para dar a coñecer a orixe dos fraseoloxismos escollidos, os redactores preferiron consultar só fontes francesas e ignoraron publicacións importantes como o voluminoso *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten* (Röhrich 1997) ou *Mi fán terem* (Nagy O. 1993). O seu emprego puido permitir precisar algunhas etimoloxías como a que menciona Xesús Ferro (*attacher le grelot ~ ponerle el cascabel al gato*; ver Ferro: 339) ou engadir outras posibles explicacións, no caso de certas unidades como *laver la tête e passer un savon* (188/18 e 19), *réchauffer / nourrir un serpent dans son sein* (204/3), *jeter de la poudre aux yeux* (175/23) e outras. (Ver os artigos *katz, kopf, schlange* en Röhrich 1997 e as páxinas 165-167, 284-285, 394-395 en Nagy O. 1993, respectivamente).

Como lexicógrafo e coautor de varios dicionarios bilingües coñezo as dificultades de confeccionar equivalentes exactos, moi especialmente cando un non ten a posibilidade de ilustrar o seu uso coa axuda de exemplos. Supoño que, aínda que V. Bárdosi coñeza moi ben o castelán, esta difícil tarefa tocoulle a María Isabel González Rey, que a resolveu excelentemente. Se un emprega *couper les cheveux en quatre*, é dicir, *hilar muy fino* (páx. 116/27) pode atopar casos contados se, aínda que exista un equivalente pleno –casi literal– en español (coñecido tamén noutros idiomas), o dicionario non o cita. Comentarei os poucos exemplos que atopei:

**trembler comme une feuille \*\***

= trembler de peur ♦ tiritar de miedo

~ temblar <algn> como un flan / azogado; estar <algn> cagado de miedo (fam.)

(256/45)

O *Diccionario fraseológico documentado del español actual* (DFDEA, Seco et al. 2004) recolle *temblar como una hoja* e en internet aparece tamén a forma *temblar como la hoja en el árbol*. En moitos idiomas existen equivalentes idénticos. En catalán temos: *tremolar com una fulla* e *tremolar com una fulla a l'arbre*; en vasco: *hosto bat bezala ikara egon*; en italiano: *tremare come una foglia*; en inglés: *to shake like a leaf*; en finés: *vapista kuin haavanlehti*. En polaco e húngaro engádese tamén o tipo de árbore coa que se fai a comparación: *osika* e *nyárfa* respectivamente; é dicir, *álamo temblón: drzec/trząść się jak osika (na wietrze) ~ temblar como álamo temblón en el viento e reszket/remeg, mint a nyárfalevél ~ temblar como álamo temblón*.

O caso da expresión *enfoncer une porte ouverte* (125/6) é similar. Trátase dun fraseoloxismo coñecido tamén noutros idiomas (catalán: *enfonsar portes obertes*, húngaro: *nyitott/árt kapukat dönget*; polaco: *wyważać otwarte drzwi na oścież*). O DFDEA non documenta o equivalente español: *derribar puertas abiertas* presente en diferentes exemplos en internet. O manual recensionado cita como equivalentes españois fraseoloxismos que teñen un

significado moi diferente ao da unidade en cuestión (*descubrir <algn> América, descubrir <algn> la pólvora, descubrir <algn> el Mediterraneo*).

Na introdución do DFTFE podemos ler a seguinte información: “Frecuentemente se recoge más de un equivalente español, porque en estos casos caben distintas traducciones dependiendo del contexto” (páx. 14). O problema con esta solución é que o dicionario non indica en cal contexto pode corresponder, por exemplo, a expresión *filer à l’anglaise* a *irse de rositas*, unha proposta cuestionada con razón por Xesús Ferro (Ferro 2012: 339). A continuación menciono algúns exemplos deste tipo, que acompañoo cunha definición abreviada citada do DFDEA ou doutra fonte. Hai que recoñecer que as definicións de galicismos facilitados en francés e en castelán –das que citarei só esa última– axudan o usuario a coñecer o seu significado exacto:

**être malade comme un chien**

= estar muy enfermo

~ *echar <algn> los bofes* (57/22)

DFDEA: ‘fatigarse mucho’.

**être comme un cautère sur une jambe de bois**

= se dice de un remedio que no da resultados

~ *llover sobre mojado* (57/24)

DFDEA: ‘suceder una cosa desagradable después de otra’.

**manger son blé en herbe**

= gastar su renta por adelantado, despilfarrar su capital

~ *empezar <algn> la casa por el tejado; poner <algn> el carro delante de las mulas; poner <algn> el carro delante de los caballos / bueyes; tomar <algn> el rábano por las hojas*. (92/37)

O DFDEA define a primeira forma como: “seguir en un asunto, un orden inverso al debido” e a última como: “interpretar torcidamente, de manera voluntaria o involuntaria, aquello a que se hace referencia”.

**manger son blé en herbe**

= gastar sus ingresos por adelantado, despilfarrar sus haberes

~ *vivir <algn> por encima de sus posibilidades* (276/29)

**jeter le bébé avec l’eau du bain**

= comprometer lo esencial de una cosa queriendo eliminar algunos inconvenientes menores.

~ *deshacerse <algn> del muerto* (91-2/34)

O DFDEA non recolle esta expresión, que se coñece internacionalmente, como indican tamén os mesmos autores. En internet documéntase a forma *tirar al niño con el agua del baño*. (Para a súa orixe e significado consúltase a páxina web:

<[http://ec.europa.eu/translation/bulletins/puntoycoma/100/pyc10025\\_es.htm](http://ec.europa.eu/translation/bulletins/puntoycoma/100/pyc10025_es.htm)>.

Na obra recensionada temos uns cantos equivalentes falsos ou inexactos deste tipo, pero non *tiremos el niño con el agua del baño*.

A existencia de certas imperfeccións non quere dicir, de ningunha maneira –como afirmaba tamén Xesús Ferro (Ferro 2012: 339)– que se trate dunha obra pouco fiable. Todo o contrario, estou convencido de que María Isabel González Rey e Vilmos Bárdosi nos

ofrecen un dicionario innovador e moi valioso que seguramente terá moitas reedicións e variantes máis. É xustamente por iso que me permito sinalar algunhas solucións discutibles e fallas fáciles de corrixir.

## Referencias bibliográficas

- FERRO, Xesús (2012): BÁRDOSI, Vilmos e GONZALEZ REY, María Isabel (2012) *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español* (recensión).
- MORVAY, Károly (2004): “Por unha metafraseografía peninsular” en *Cadernos de fraseoloxía galega* 6. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Xunta de Galicia, 2004; 169-189.
- NAGY, Gábor O. (1993): *Mi fán terem*. Budapest: Gondolat – Tálentum. (Quinta edición).
- RÖHRICH, Lutz (1995): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten*. Freiburg – Basel – Wien: Herder, vol. 1-5.
- SECO, Manuel et al. (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual*. Madrid: Aguilar; 1084 páxs.

## Obras de V. Bárdosi mencionadas na recensión

- (1986) *De fil en aiguille. Kalandozás a francia szólások világában*. Budapest: Tankönyvkiadó.
- (1987) *Petit dictionnaire thématique des locutions françaises*. Budapest: Tankönyvkiadó. (En colaboración con Jean-Yves de Longueau).
- (1992, 1998, 2003) *Redewendungen Französisch / Deutsch. Thematisches Wörter- und Übungsbuch*. Tübingen: Francke Verlag, 1992 (UTB für Wissenschaften. Uni-Taschenbücher 1703). (En colaboración con Stefan Ettinger e Cécile Stölting).
- (1994) *Petit dictionnaire thématique des locutions françaises*. Budapest: Nemzeti Tankönyvkiadó. (En colaboración con Jean-Yves de Longueau).
- (1995) *De fil en aiguille. 1000 francia szólás és magyar megfelelője. Tematikus szólásszótár és gyakorlókönyv*. (2ª ed. corrixida e aumentada). Budapest: Eötvös Loránd Tudományegyetem, Bölcsészettudományi Kar, Francia Nyelv és Irodalom Tanszék.
- (1995) Francia-magyar szólásszótár. Tematikus gyűjtemény és gyakorlókönyv. Budapest: Corvina.
- (2002) *Фразеологизмы французского языка. Словарь-практикум*. Jekaterinburg: Uralszkoje izdatyelsztvo. (En colaboración con Stefan Ettinger, Cécile Stölting e Jekaterina Benediktovna Butina).
- (2003) *Magyar szólástár. Szólások, helyzetmondatok, közmondások értelmező és fogalomköri szótára*. Budapest: Tinta Könyvkiadó.
- (2010) *Francia-magyar tematikus szólásszótár*. Szólásmagyarázatok és gyarkorlatok megoldókulccsal. Tinta Könyvkiadó.

Károly Morvay

Universidad Eötvös Loránd de Budapest

**GONZÁLEZ REY, M<sup>a</sup> Isabel (coord.): *Unidades fraseolóxicas y TIC*. Madrid: Instituto Cervantes, Biblioteca fraseolóxica y paremiolóxica, Serie «Monografías», nº 2, 2012. ISBN: 978-84-695-6413-4; 307 páxs.**



O libro obxecto de reseña mostra a importancia que as TIC, están a adquirir na investigación lingüística en xeral, e tamén na paremiolóxica e fraseolóxica. Esta monografía publicada polo Instituto Cervantes, pertencente á *Biblioteca fraseolóxica y paremiolóxica* dirixida por M<sup>a</sup>. I. Teresa Zurdo Azyúcar e Julia Sevilla Muñoz, é o resultado da colaboración dos principais grupos nacionais de paremioloxía e fraseoloxía: PAREFRAS (Universidade Complutense de Madrid), FRASESPAL (Universidade de Santiago de Compostela), FRASYSTRAM (Universidade de Alicante), FRASEONET (Universidade de Santiago de Compostela) e FRASEMIA (Universidade de Murcia).

As dezanove intervencións que integran a monografía ofrecen unha completa visión dos avances que se están a realizar grazas a aplicación das TIC no estudo das unidades fraseolóxicas, tanto dende as visións máis teóricas coma nas súas posibles aplicacións prácticas. André Gallego Barnés (Universidade de Toulouse) repasa na primeira das intervencións, “La investigación de las unidades fraseolóxicas y las TIC”, os cambios metodolóxicos que as TIC levan asociados no labor do investigador: a facilidade de procura de información, o almacenamento dos datos recompilados e a elaboración de corpus. Destaca, de entre tódalas vantaxes, a posibilidade de manter contacto permanente con outros investigadores, cousa que permite a formación de grupos amplos e produtivos.

A elaboración de bases de datos virtuais (monolingües, bilingües e multilingües) é unha clara mostra da relación existente entre os investigadores e as TIC. As seguintes intervencións presentan o funcionamento ou o proxecto de bases de datos con obxectivos diferentes mais co denominador común dunha constante actualización e ampliación. José Enrique Gargallo Gil (Universidade de Barcelona) explica en qué consiste *BADARE* (*Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania*), con sede virtual en [stel.ub.edu/badare/](http://stel.ub.edu/badare/), qué posibles consultas se permiten, e, por último, fai propostas de explotación útiles dende diversas disciplinas. Julia Sevilla Muñoz, de forma complementaria, presenta a base *Refranero Multilingüe*, publicada en 2005 con sede na páxina web do Centro Virtual Cervantes. Esta base rexistra paremias populares españolas, coa súa correspondencia noutras linguas (alemán, catalán, vasco, galego, polaco, rumano, grego...) e ofrece sobre cada forma información de carácter paremiolóxico. Pola súa banda, Pedro Mogorrón Huerta, en *Explotación de una base de datos multilingüe de unidades fraseolóxicas*, explica os pasos que se están dando para elaborar unha base de datos multilingüe sobre as construcións verbais fixas e cales son os obxectivos perseguidos a



curto e a longo prazo: a creación dun dicionario electrónico que recolla a idiosincrasia das linguas e as culturas e a formalización do mínimo paremiolóxico. Nesta mesma liña, Mona Salah Eldin Shalan, expón o proxecto para desenrolar un *dicionario fraseolóxico bilingüe español – árabe e viceversa*. Giovanna Angela Mura (Universidad Complutense de Madrid) na comunicación *TIC y fraseología contrastiva: el caso de los esquemas fraseológicos*, insiste na necesidade da creación de fontes informáticas sólidas onde poder realizar análises das distintas categorías das unidades fraseolóxicas. Propón o estudo comparativo español – italiano, do que se denominan esquemas fraseolóxicos exemplificados con formas do tipo (*que* + verbo *ir* + *a* + infinitivo). Maddalena Ghezzi (Universidad de Salamanca) na súa comunicación, *Creación de una base de datos para el estudio de las comparaciones estereotipadas y su explotación en la enseñanza de ELE*, presenta a aplicación práctica (para o ensino – aprendizaxe de ELE) dunha base de datos que recompila comparacións estereotipadas, unidades fraseolóxicas que expresan o grao superlativo dunha calidade mediante a súa comparación cun elemento prototípico nesa característica.

O seguinte conxunto de intervencións achéganse á lingüística aplicada buscando o uso práctico deses estudos. A didáctica de linguas, sexan maternas ou segundas linguas, e a tradución, son dous dos campos máis fértiles en lingüística aplicada. M<sup>a</sup>. Ángeles Solano Rodríguez (Universidad de Murcia) en *Fraseodidáctica basada en tecnologías digitales*, conclúe que as TIC teñen un enorme potencial no eido educativo polas súas propiedades intrínsecas: a conectividade, a interactividade, a accesibilidade e a interacción coa información. Recolle e clasifica as principais ferramentas a disposición do docente na web e reflexiona sobre as vantaxes metodolóxicas que presentan.

Do emprego das unidades fraseolóxicas na aula mediante as TIC en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, ocúpense dous autores, Germán Conde Tarrío e Vanessa Fernández Pampín (os dous da Universidade de Santiago de Compostela). O primeiro propón unha unidade didáctica para traballar a cultura galega no Bacharelato empregando o *Refranero Multilingüe*, mentras que a segunda, tras unha revisión de cómo se traballan as paremias nos libros de texto máis empregados, ofrece actividades que parten da citada base de datos, válidas tanto para a lingua galega como a castelá, co obxectivo de traballar as formas paremiolóxicas de maneira significativa.

Natalia Vyshnia (Universidad Pedagógica de Poltava, Ucrania) propón, no ensino do español como lingua extranxeira, o emprego dun paquete léxico-fraseolóxico, un dispositivo formado por dous bloques: un informativo e outro informático. O primeiro deles contén información léxica, distribuída gradualmente por niveis de dominio idiomático, centrada no estudo das unidades fraseolóxicas e paremiolóxicas. Incide na adquisición de coñecementos, non só lingüísticos, senón tamén históricos, sociais e culturais mediante o léxico agrupado por campos semánticos. Na mesma liña, pero centrándose no ensino-aprendizaxe de italiano como lingua extranxeira, Justyna Pietrzak (Universidad Complutense de Madrid) e María Antonella Sardelli (Grupo de Investigación UCM PAREFRAS) presentan unha serie de exercicios interactivos a través da plataforma *free-learning CourseLab*, co obxectivo de manexar na aula os refráns italianos máis

usados dende diferentes puntos de vista: gramatical, semántico, sintáctico, morfolóxico e pragmático.

A presenza de unidades fraseolóxicas e paremiolóxicas nun texto incrementa tanto a complexidade tradutolóxica como a dificultade de ensinar o proceso de tradución destes elementos que aumentan o significado cultural e social do texto. As TIC facilitan estes procesos de tradución e ofrecen ferramentas aos docentes que aclaran as diversas posibilidades. Así, Silvia Molina Plaza (Universidad Politécnica de Madrid), *Translation quality assessment in Technical Texts via ITC: the case off collocational equivalence*, demostra que os glosarios electrónicos, as bases de datos e os buscadores son unha axuda inestimable na mellora das traducións a español de colocacións especializadas. Manuel Sevilla Muñoz (Universidad de Murcia), baseándose na súa práctica docente, profundiza na utilidade dos recursos en liña para o ensino-aprendizaxe da tradución ao español de unidades fraseolóxicas inglesas. Pola súa banda, Lucía Serrano Lucas (Universidad de Murcia) e María Lucía Navarro Brotóns (Universidad de Alicante) ofrecen solucións para traducir fraseoloxismos desde o francés ao español e viceversa. A primeira, explicita que é necesario ter en conta a desautomatización e a posible intraducibilidade dalgunhas formas. A segunda, propón a creación e utilización dun analizador sintáctico para poder detectar as unidades fraseolóxicas de forma automática.

As aproximacións metalingüísticas chegan da man de Marina García Yelo (Universidad Pontificia de Comillas), Mario Marcon (Università degli Studi di Udine e da Università degli Studi di Padova, Italia) e Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela). A primeira autora, partindo dun corpus de oitenta e seis elementos, trata as diversas maneiras de desautomatización de paremias canónicas nas redes sociais para concluir que o refrán ten, en certa maneira, a súa supervivencia asegurada, posto que se adapta á concisión lingüística das redes sociais. Corroborando a mesma idea, o segundo autor, centra o seu estudo na presenza das unidades paremiolóxicas en *Facebook* introducindo un novo concepto de estudo, *o interese paremiolóxico*. Carmen Mellado, defende o emprego de corpus informatizados para mellorar os dicionarios idiomáticos tanto en alemán coma en español, pero tamén chama a atención sobre os posibles problemas que presentan as TIC na descrición lexicográfica de fraseoloxismos.

A investigación lingüística está adaptada aos cambios metodolóxicos inducidos polo emprego das novas tecnoloxías da información e a comunicación e así o demostra este exemplar que permite observar dezanove visións sobre o estado actual dos estudos paremiolóxicos e fraseolóxicos en relación co emprego das TIC. A explotación práctica e a constante actualización das ferramentas presentadas abren dúas liñas de investigación moi produtivas.

Vanessa Fernández Pampín

Universidade de Santiago de Compostela

**KONECNY, Christine (2010): *Kollokationen, Versuch einer semantisch-begrifflichen Annäherung und Klassifizierung anhand italienischer Beispiele*. München: Martin Meidenbauer Verlagsbuchhandlung; ISBN 978-3-89975-711-8; 711 páxs.**

No vasto panorama das numerosas obras de fraseoloxía impacta a escaseza de contribucións en italiano. Os motivos da devandita ausencia semellan totalmente inxustificadas. Aínda así, o interese pola fraseoloxía no eido italiano segue sendo, cando menos, estraño, e a esperanza de que poidan xurdir de calquera lado os impulsos debidos á investigación fraseolóxica italiana faise máis concreta se centramos a nosa mirada nun contexto internacional.

Unha das poucas obras de fraseoloxía italiana é a que nos presenta en lingua alemá a autora austríaca de curta idade Christine Konecny, que leva a cabo un coidado estudo analítico sobre o fenómeno das colocacións do italiano, coa finalidade de fornecerlle á investigación fraseolóxica unha clasificación exhaustiva en clave semántica e cognitiva.

Esta obra representa unha contribución fundamental ao estudo das colocacións, xa que se basea na tentativa de trazar un continxente impacto teórico, acompañado dunha análise empírica exemplar, nun ámbito no que imperan a confusión e a diverxencia de pareceres.

A xenialidade da devandita obra consiste en perseguir estes obxectivos integrando ulteriormente a perspectiva do alumnado de italiano como segunda lingua, que no ámbito deste traballo nunca se esquece. De feito, a autora céntrase, ante todo, nun proxecto de trasfondo didáctico verbo da aprendizaxe das colocacións do italiano, que se pode consultar na páxina <http://www.kollokation.at/it/>, do que xa se deu noticia nesta revista na sección de NOVAS (*Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14,2012,399-400).

O volume en cuestión é o froito da súa tese de doutoramento na Leopold-Franzens-Universität Innsbruck (Austria), onde nestes momento a autora dá clases de lingüística italiana. O traballo conta con 12 capítulos (incluíndo introdución, bibliografía e apéndice), distribuídos en 711 páxinas.

A parte central da análise consiste na tentativa de clasificar as colocacións do italiano en base a criterios sintácticos e morfolóxicos dunha banda (capítulo 6), e semánticos e conceptuais da outra (capítulo 7). Unha gran dificultade que detectou a autora, e que destaca na introdución do traballo, consiste na recollida do corpus, xa que no momento da escrita aínda non existían os dicionarios de Urzi (2009) e Lo Cascio (2012), que encheron un baleiro enorme no panorama lexicográfico italiano, no que aínda hoxe os aspectos fraseolóxicos fican nun segundo plano.

Konecny parte do suposto de que distinguir frases idiomáticas de colocacións non é unha tarefa doada: aínda que Charles Bally xa admitiu que, na maior parte dos casos, clasificar unha unidade fraseolóxica nunha categoría ou outra, en certa medida, é cuestión de instinto. Konecny céntrase no concepto de *afinidade* existente entre dúas palabras, ao definir unha colocación. Adoptando a perspectiva do alumno, as expresións idiomáticas e as colocacións descríbense como fenómenos léxicos aos que lles hai que prestar moita atención no eido do ensino dunha lingua estranxeira (ao contrario que no caso dos fenómenos baseados

na creatividade ocasional). A pesar da finalidade da aprendizaxe existe unha diferenza fundamental entre as dúas clases: mentres que a aprendizaxe das expresións idiomáticas non presupón ningunha esixencia expresiva de base, representando un luxo na competencia activa do alumno, as colocacións, ao contrario que as expresións idiomáticas, son de fácil comprensión, pero o seu coñecemento satisface, xeralmente, unha necesidade expresiva á que o alumno a miúdo ten que facer fronte. Por tanto, a autora presenta o estudo das colocacións do italiano, convencida do feito de que representan para o alumno unha necesidade lingüística fundamental á que non pode renunciar.

O termo *colocación* nace no ámbito do contextualismo británico que inaugurou John Firth (coa publicación do seu sabio *Modes of Meaning*, 1957). Segundo tal orientación a colocación defínese como “enlace sintagmático a nivel léxico”, en oposición á *colligation*, definida como “enlace sintagmático a nivel gramatical”. Na definición de Firth (e tamén na dos seus seguidores Halliday e Sinclair) a predicibilidade (*mutual expectancy*) resulta ser un criterio fundamental: esta contribúe a ampliar o concepto de colocación a un espectro moito máis amplo, no que entran ben as *general collocations*, ben as *personal collocations*, estas últimas definidas como colocacións distintas do estilo persoal dun autor determinado. Tal concepto de colocación superponse ao concepto de coaparición, porque fai referencia aos métodos estatísticos e informáticos da lingüística computacional. Contrariamente a isto, segundo Konecny, o concepto de colocación é ben máis restrinxido e refírese á relación de afinidade entre os dous elementos fundamentais, que representan os compoñentes esenciais dunha colocación, isto é, a base e o colocador, este último en relación de dependencia con respecto á base. Nos capítulos 3 e 4 a autora dedícase a ilustrar a súa definición persoal de colocación fundamental para a súa tentativa de análise e clasificación dos capítulos sucesivos.

Na base do concepto de colocación que a autora procura, existen nocións teóricas procedentes de autores como Hausmann e Benson, que prefiren o aspecto lexicográfico e didáctico.

No capítulo 4, a autora intenta delimitar o campo das colocacións doutros fenómenos adxacentes. Ela coida importante subdividir as colocacións respectivamente das coapariencias e dos diversos produtos da composición. Estes últimos representan para o italiano unha dificultade ulterior, xa que, mentres que para o alemán pode considerarse de boa fonte o criterio da polilexicalidade, para o italiano combinacións léxicas, como por exemplo *vino rosso* ‘Rotwein’, *sonno profondo* ‘Tiefschlaf’ e *tetto apribile* ‘Schiebedach’ poderían conducir inevitablemente a confusións posteriores. Noutras palabras, en alemán a coexistencia de *Tiefschlaf* (en calidade de composto) e *tiefer Schlaf* (en calidade de colocación) fai que o criterio da polilexicalidade sexa decisivo na categorización de tales formas léxicas; mentres que en italiano, aínda que o mecanismo da composición está ordinariamente ligado a instrumentos analíticos, o problema dunha eventual categorización resulta pouco evidente. A autora resolve de modo exemplar tal ambigüidade, tratando o criterio semántico da hiponimia e da relación determinado-determinante en clave resolutiva: en realidade unha colocación non implica a existencia de tal relación, xa que

o colocador limitase a fornecerlle esencialmente unha propiedade aditiva á base, sen circunscribir o referente no ámbito dunha categoría máis ampla.

No capítulo 5 a autora enfronta o tema da idiosincrasia, de fundamental importancia para a perspectiva do alumno. En vista da confrontación interlingüística, sobre o que Saussure fundara o seu concepto de arbitrariedade, é posible chegar á conclusión de que as colocacións, comparadas ás combinacións libres, presentan un maior grao de arbitrariedade e idiosincrasia e un menor grao de motivación, mentres que, comparadas ás expresións idiomáticas, son menos idiosincráticas e máis motivadas. Naturalmente tamén aquí é posible atopar excepcións á regra.

Os capítulos 6 e 7 están dedicados á verdadeira e propia análise de exemplos concretos de colocacións italianas. O capítulo 6 enfronta unha clasificación sintáctica e morfolóxica, o capítulo 7 dedícase a criterios conceptuais e semánticos.

No capítulo 6 preséntanse inicialmente as diversas tentativas de clasificación sintáctica e morfolóxica xa existente no estado anual da investigación. Lémbrense as clasificacións de Hausmann e Benson, e para o italiano as tentativas de Beccaria, Ceppellini e Simone. Ademais, propónse a complexa clasificación de Scherfer, na que principalmente a maior parte dos tipos precedentes se presentan no ámbito dunha subdivisión de base entre 1) construcións, nas que o núcleo dun sintagma se amplía mediante un modificador, é dicir, un elemento aditivo que non inflúe na valencia do elemento subordinado, e 2) construcións nas que se amplía o núcleo mediante un elemento completivo, é dicir, argumental que completa unha casa baleira que inflúe na valencia do núcleo.

A clasificación que presenta a autora resúmese na integración dos modelos de Hausmann e Scherfer, coa finalidade de especificar non só a categoría gramatical dos compoñentes dunha colocación, senón –e sobre todo– a función sintáctica de tales compoñentes, xa que a devandita función podería ademais inverter a pertenza a unha ou outra categoría. Por tanto, a base estrutural da tentativa de clasificación de Konecny resultou estar xa na clasificación de Hausmann (coa única excepción de que os tipos son 6 no canto de 7, xa que o tipo subst. + prep. + subst. confúndese en parte cos compostos, como *spicchio di aglio*), coa axuda das reflexións de Scherfer no tocante ao aspecto das valencias.

O capítulo 7 constitúe o núcleo da análise semántica e conceptual, onde se nota maiormente a orientación cognitiva que adoptou a autora, provista dunha análise empírica que se centra en exemplos concretos do italiano, como *digrignare i denti, il cane abbaia, marinare la scuola, stipulare un contratto, ammazzare il tempo* etc.

Konecny sulíña a importancia dos aspectos semánticos das colocacións que, ata o de agora, no estado actual da investigación non tiveran moita tradición, xa que as colocacións representan tradicionalmente, segundo a lóxica estruturalista, as expresións fraseolóxicas que, dende o punto de vista do significado non presentan idiomaticidade e, polo tanto, non constitúen un obxecto de grande interese para unha análise puramente semántica.

Segundo a óptica cognitiva esta asunción pode desmontarse por completo a favor dun estudo puramente semántico sobre as colocacións. Precisamente con esta finalidade, Konecny tenta clasificar as colocacións do italiano, aproveitando o reparto que xa efectuara Aisenstadt en tres tipos semánticos, nos que, como fixera Corpas Pastor no seu *Manual de fraseología española*, é o colocador o que asume un rol decisivo e fundamental.

Segundo tales premisas é posible distinguir entre 1) colocacións nas que o colocador presenta un significado propiamente específico, coma no caso do verbo *digrignare* na colocación *digrignare i denti*, ou do adxectivo *camuso* na colocación *un naso camuso*, na que o significado de tales colocadores é realmente específico para *denti* e *naso* respectivamente; 2) colocacións nas que o colocador presenta respecto do seu significado de partida unha especie de expansión semántica, como no caso de *marinare la scuola*, onde o verbo *marinare*, que provén do contexto culinario, sufriu unha expansión semántica cara ao campo da escola e especificando un novo significado en tal contexto; 3) colocacións nas que o colocador perde o seu significado de base, como no caso do verbo *prendere* na colocación *prendere una decisione*, e de tantos outros verbos xenéricos como *fare*, *mettere*, *dare* en expresións como *fare una passeggiata*, *mettere a disposizione* etc.

Partindo da base destas distincións, Konecny procede á análise específica dunhas 16 colocacións escollidas adrede do italiano contemporáneo, provista non só de nocións lexicográficas e etimolóxicas, senón tamén apoiada pola utilización do motor de busca Google, coa idea de levar a cabo unha investigación do contexto de uso, baseada na frecuencia e no grao de afinidade entre os elementos da colocación que se examinan.

O resultado do devandito traballo consiste en demostrar que no campo das colocacións existen procesos de modificación moi complexos e dinámicos, adecuados á norma, entendida no sentido de Coseriu.

Tanto dende a perspectiva do alumno coma dende a perspectiva do lector nativo, esta panorámica sobre as colocacións do italiano é de moita axuda para reflexións posteriores e para resumir un fenómeno máis ben complexo na súa totalidade.

Para completar o perfil da autora cómpre lembrar que esta contribución á investigación levou o premio da cidade de Innsbruck, ademais do premio Giovanni Nencioni 2012 da prezada Accademia della Crusca.

Simona Brunetti

Technische Universität Dresden

**MOGORRÓN HUERTA, Pedro e MEJRI, Salah (eds.) (2012): *Lenguas especializadas, fijación y traducción*. Alicante: Publicaciones de la Universidad de Alicante. ISBN: 978-84-9717-209-7; 216 páxs<sup>1</sup>.**

A obra *Lenguas especializadas, fijación y traducción*, dividida en trece capítulos procedentes dos ámbitos lingüísticos español, francés, catalán, árabe e inglés, constitúe unha achega valiosa tanto pola homoxeneidade da temática que trata coma polos datos que fornece verbo do tema xeral das linguas de especialidade e, máis concretamente, da fixación e da tradución. Os diferentes autores contribúen con estudos inéditos para conformar unha obra plural dada a variedade de eidos analizados: literario, audiovisual, cultural, económico/negocios, técnico, xurídico. Os editores da obra, Pedro Mogorrón Huerta e Salah Mejri, advirten na súa presentación que o obxectivo é delimitar estes tres conceptos e “achar ata qué punto a súa posta en relación presenta unha problemática interesante cun tratamento que permita aprehendelos e precisa-lo seu contido do xeito máis completo”. Estas páxinas ofrecen respostas a tres eixos esenciais entrelazados: a relación existente entre a lingua xeral e a lingua de especialidade; o status da fixación na definición dos discursos especializados; o tratamento das secuencias fixas na tradución dos discursos especializados.

Pola súa parte, Salah Mejri e Pierre Lerat presentan nos dous primeiros capítulos unhas reflexións teóricas que pretenden fundir distintas cuestións das disciplinas reunidas neste volume. O primeiro estuda a delimitación da noción de discurso especializado e propón unha tipoloxía dos fraseoloxismos atopados neste tipo de discurso, co obxectivo de clasifica-los discursos especializados e de vulgarización e tamén crear ferramentas de apoio para a redacción deste tipo de textos. O profesor Lerat, a quen se lle dedica este volume, analiza os conceptos de coherencia conceptual e de cohesión léxica no discurso de especialidade; clarifica os conceptos de discurso especializado, lingua de especialidade e tecnolecto; e formula propostas para o tratamento lexicográfico da coherencia conceptual e da cohesión léxica.

As cuestións culturais vense reflectidas nos distintos artigos. Luis Meneses interésase polas unidades diatópicas mexicanas, coa idea de describilas en dicionarios monolingües coordinados que pretenden ser actualmente unha nova ferramenta para locutores e tradutores. Pedro Mogorrón Huerta decide traballar sobre as unidades fraseolóxicas que posúen un alto contido cultural: recompila diversas teorías da tradución sobre esta cuestión, analiza as referencias culturais que aparecen en construcións verbais fixas e os problemas de tradución que plantexan.

Dúas investigacións céntranse no campo da tradución audiovisual. Unha, a de Glòria Torralba Miralles, Anna Marzà i Ibáñez e Frederic Chaume, presenta os resultados dun estudo verbo do uso de estruturas estereotipadas ou clixés. Analizan 900 minutos da grella de programación da Radiotelevisió Valenciana (RTVV), clasifican as unidades fraseolóxicas empregadas e dan a coñecer as súas conclusións. O seu obxectivo é

---

<sup>1</sup> Segundo a política editorial do Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alicante, este volume foi sometido a un proceso de dobre avaliación levado a cabo por expertos externos a dita universidade.



reflexionar no modelo de lingua da dobraxe que inocula a televisión. Pola súa parte, Carla Botella Tejera interésase polo papel do tradutor como receptor e mediador e polos sinais intertextuais nesta mesma área da tradución audiovisual.

O eido literario ocupa dous estudos desta obra. Inès Sfar, no ámbito árabe-francés, presenta un traballo co fin de cruzar fenómenos lingüísticos e realizacións discursivas. Interésase polas nocións de fraseoloxía e de fixación literaria dende o ángulo da tradución. Mario García-Page analiza os resultados obtidos nun estudo sobre *Cuento de Cuentos* de Francisco de Quevedo: identifica as locucións presentes no discurso, comenta algunhas das súas características e clasifícaa categorialmente.

O terreo da economía e dos negocios vén representado en dous artigos: Dolors Català achega un estudo preliminar sobre pragmatemas; trata algunhas das características destas unidades e bosquexa unha definición. Ademais, amosa os principais pragmatemas presentes na comunicación escrita no eido profesional. Interésase concretamente polos pragmatemas que pechan as cartas comerciais en francés, español e catalán. Por outra banda, Daniel Gallego Hernández estuda a fraseoloxía (francesa e española) na linguaxe dos negocios referida ó concepto de *risco*: un traballo moi útil para o ensino da tradución económica e maila elaboración de repertorios fraseolóxicos.

No ámbito xurídico, Cristina Valderrey Reñones asina o artigo *Fijación, previsibilidad y convención en la clase textual sentencia de divorcio* no que propón un modelo textual susceptible de proporcionar un marco de análise operativo para caracterizar ditos fenómenos textuais.

Por último, a lingüística de corpus ocupa un lugar importante nesta obra. No seo da tradución técnica, Jean-Pierre Colson traballa na tradución das fixacións especializadas, concretamente no eido das tecnoloxías emerxentes. Propón na súa contribución técnicas relativas ás extraccións automatizadas de fraseoloxismos (WPR e frecuencia en corpus). Por medio destes procedementos o seu obxectivo é establece-lo perfil fraseolóxico dun texto fonte para apoiar a tarefa tradutora. Tamén a investigadora Chelo Vargas Sierra estuda a combinatoria terminolóxica e pretende identifica-los padróns morfosintácticos máis característicos das combinacións léxicas especializadas en textos (nesta ocasión normas europeas sobre especificacións técnicas) do sector industrial da pedra natural de forma contrastiva (inglés-español).

En definitiva, esta obra reúne estudos diversos pero complementarios. Os resultados presentados son orixinais polo seu carácter contemporáneo (utilización de bases de datos, ferramentas informáticas, córpora paralelos) e decididamente orientados á práctica tradutora real (os investigadores insisten no seu traballo dicindo que o seu propósito non é outro que senta-las bases teóricas e destacar tendencias co fin de deseñar ferramentas útiles para a didáctica da tradución e os tradutores profesionais).

Paola Masseur

Universidad de Alicante



**MORVAY, Károly (2006): *Els bons usos es perden. Petit Diccionari Fraseològic Cerdanià. Budapest: Nyitott könyv. // (2012) *Els bons usos es perden. Petit diccionari fraseològic cerdanià. Premi Catalunya del Nord de l'Institut d'Estudis Catalans 2008. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans. Publicacions de la Presidència 37 / 2012.****



Hai 42 anos Kálmán Faluba puxo en marcha na Universidade Eötvös Loránd de Budapest os estudos de lingüística catalá. Un dos seus primeiros e máis avantaxados alumnos foi o seu propio colega Károly Morvay, experto en fraseoloxía eslava, que axiña colaborou explicando lingüística iberorrománica comparada. Aínda que Morvay, coma moitos húngaros, foi abríndose a numerosas linguas (mesmo publicou en húngaro unha gramática vasca no 2008), o catalán e a fraseoloxía consumiron boa parte da súa dedicación de investigador. Con Kálmán Faluba publicou en 1990 o *Diccionari català-hongarés. Katalán-magyar kéziszótár* e, en 1996, o *Diccionari hongarès-català = Magyar-katalán kéziszótár*. Con el tamén colaborou na creación dunha *Guía de conversa húngaro-español catalán*

(1991) pensada para que os viaxeiros por vacacións ou por negocios poidan comunicarse de maneira eficaz en moi diversas situacións. Esa primeira guía ampliouse en ocasión da Olimpíada de Barcelona a outras linguas <sup>2</sup>.

Károly Morvay, profesor da Eötvös Loránd de Budapest, é un investigador de xa longo percorrido, con especial atención á fraseoloxía (maiormente catalá), á fraseodidáctica e á técnica fraseográfica. Xa en 1980 interveu con “La fraseología en la enseñanza del español a nivel universitario” (Mátyás Horányi (ed.), *Actas del Congreso Internacional de la Asociación Europea de Profesores de Español*, Budapest, 31.7-4.8.1978. Budapest: Akadémiai Kiadó; 283-288). Pero moitos aínda o coñecemos en 1996 no gran Congreso de *Paremia* en Madrid, onde falou de “Aspectos lexicográficos y didácticos de la Paremiología y Fraseología” (*Paremia*, 6, 1997; 423-432).

Károly Morvay non é investigador *de cociña rápida*. O libro que comento, publicado en Budapest en 2006, merecedor en 2008 do Premi Catalunya del Nord do Institut d'Estudis Catalans, e reeditado por este Institut en 2012, xa era un proxecto ben definido en 2001,

<sup>2</sup> Francés-catalán-español (1992), inglés-catalán-español (1992), castelán-catalán (1992), alemán-catalán-español (1992), catalán-alemán (1993), holandés-catalán-español (1993), catalán-inglés (1993), catalán-francés (1993), francés, catalán-noruegués (1994), italiano-catalán-español (1994), italiano-catalán (1994), inglés-catalán-español (1998), ruso-catalán-español (1999).

pois daquela falou del o autor en Palma<sup>3</sup> e en Osseja-Llívia<sup>4</sup>. O epíteto *Petit diccionari...* non se refire ás 250 páxinas senón á voluntaria limitación das fontes: unha única obra de Jordi Pere Cerdà, pseudónimo literario do escritor, dramaturgo e poeta Antoni Cayrol (1920-2011) que transcribiu trece relatos populares na súa obra *Contalles de Cerdanya*: neles espéllase a fraseoloxía catalá que se usa, *malgré tout*, na Cerdanya, esa bisbarra dividida dende 1659 (Tratado dos Pirineos) entre dous Estados (a do norte, Alta Cerdanya –que pasou a ser do Reino de Francia; hoxe Pyrénées-Orientales– e a do sur, Baixa Cerdanya –que pasou a ser do Reino de España; hoxe en Cataluña: Lleida e Girona). A base documental deste *Petit diccionari fraseològic cerdanià* (PDFC) son, como queda dito, os relatos que Antoni Cayrol (“Cerdà”) recolleu de cinco mulleres (Maria Subirà, Teresa Clot, Rosa Duran, Àngela Coll e Maria Clerc-Peix), catro da Alta Cerdanya e unha de Perpinyà: polo tanto o adxectivo *cerdanià* alude simultaneamente e atinadamente ó colector-redactor-autor (Cerdà) pero tamén ó territorio (literatura oral da Cerdanya).

Károly Morvay impoñe neste dicionario unha limitación moi estrita en fontes (un só libro: *Contalles*) e consecuentemente en datos (615 fraseoloxismos). É unha colección numericamente modesta (quizais por iso o titula *Petit diccionari*); pero, se acaba o Premio do Institut d’Estudis Catalans (IEC), supoño que é por dúas razóns: pola orixinalidade do material (das 615 unidades do *Petit Diccionari* só o 27% figuran no *Diccionari de la llengua catalana* do propio IEC)<sup>5</sup> e tamén polo método fraseográfico. Falemos disto.

Aínda que dende hai máis de cinco séculos temos na Península Ibérica elencos paremiolóxicos e fraseográficos, o certo é que a fraseoloxía encontrámola máis frecuentemente nos dicionarios xerais como exemplo de usos específicos de determinadas palabras e mesturada con sintagmas terminolóxicos: en galego (coma noutras linguas románicas) o maior e máis accesible repertorio fraseolóxico estaba nun dicionario enciclopédico (o de Eladio Rodríguez de 1958-1961) e nel os fraseoloxismos lematizábanse da maneira máis simple posible, a mesma que utilizamos cando os citamos nunha conversa real: un supoñer, *estar medio morto* “estar canso, derreado, esgotado”. Obviamente calquera lector sobreentende que esa locución pode ter no uso real do verbo variación de tempo, modo, número e persoa e tamén variación de xénero e número no adxectivo: e, por iso, toda esa información dábase por suposta para un lector intelixente. Pero a tendencia actual (aínda sen chegar ás lematizacións matemáticas de Mel’čuk, que teñen outra finalidade) é a de explicitar no lema esas posibles variacións empezando, naturalmente, por substituí-la tradicional lematización en masculino polo que resulte de sobreentender como suxeito *unha persoa*

<sup>3</sup> MORVAY, K. (2003): “El Diccionari Català-Valencià-Balear i la fraseologia rossellonesa (Notes fraseogràfiques sobre el projecte d’un ‘Petit Diccionari Fraseològic Cerdanià’)” en *Actes del Congrés Internacional A. M. Alcover (Palma, 2001)*. Publicacions de l’Abadía de Montserrat, 343-370.

<sup>4</sup> MORVAY, K. (2004): “La fraseologia de les ‘Contalles de Cerdanya’ de Jordi Pere Cerdà (Notes i mostra del projecte d’un ‘Petit Diccionari Fraseològic Cerdanià’)” en *Actes del colloqui de ICRECS - Universitat de Perpinyà. Jordi Pere Cerdà - literatura, societat, frontera (Osseja-Llívia, 2001)*. Publicacions de l’Abadía de Montserrat, Presses Universitaires de Perignan, Grup Català d’Estudis Rossellonesos, 31-70.

<sup>5</sup> Realmente sorprende unha proporción tan baixa pero a autoridade do autor e a do Institut garanten que non estamos falando da lingua de Jordi Pere Cerdà senón de 615 verdadeiros fraseoloxismos fixados no uso oral dos falantes na Alta Cerdanya, que Cerdà anotou directamente de Maria Subirà, Teresa Clot, Rosa Duran, Àngela Coll e Maria Clerc-Peix.

(*u.p.*): deste xeito o noso común *estar medio morto* “estar canso, derreado, esgotado” convértese no PTEC en {*u.p. (és) mig morta*} con esta definición “*u.p.* está exhausta, esgotada; gairebé morta” e a seguir un exemplo de uso. K. Morvay, bo coñecedor do diferente nivel de coñecemento dos usuarios de dicionarios, mantén activa no PDFC os dous tipos de lema: ***dreta com un pal*** (forma lexicográfica) e {*u. p. (és/camina) dreta com un pal*} (forma fraseográfica). No PDFC conviven as dúas: a forma lexicográfica en negriña cursiva; a forma fraseográfica en redonda entre {} pero cos seus actantes e variantes formando así un lema máis preciso. Debaixo vai o significado e á dereita unha palabra que condensa o significado ideolóxico. Vamos a un caso collido ó chou.

### **SALT**

***amb dos salts i una camada*** {*u.p. (fa) quelcom amb dos salts i una camada*}  
ràpidament; molt de pressa; en un moment}. [ràpidament\*]

La majordona, el primer avalot passat, amb dos salts i una camada els parà taula i ho tingué cuit. (70) [121]

*Doc.*: DIEC **camada**: Ø; **dos**: Ø. | Cf. **tranc 2**: Passa llarga, esp. la que es fa amb esforç i alçant molt la cama. **en un tranc** [o **en dos trancs**] En un moment, molt de pressa. | DCVB salt: Loc. a) *En un salt*, o *En dos salts*, o *En quatre salts*: molt ràpidament, amb poc esforç per anar a un lloc.

Como se ve, esta microestrutura dá conta de tódalas eventualidades e combina xa na lematización o sistema tradicional cun sistema avanzado. Trala definición e a clave ideolóxica, veñen as probas de uso real do fraseoloxismo extraídas das *Contalles* de Cerdà. E finalmente indica se este fraseoloxismo está rexistrado ou non (Ø) nos máis importantes dicionarios cataláns e, en caso positivo, a forma en que aparece lematizado e definido.

Nas fórmulas e nos refráns (que, en principio, non teñen variación) a forma lexicográfica e a fraseográfica son a mesma e, neses casos, o traballo é máis doado. Pero as dúas formas son diferentes nas locucións (e algunhas fórmulas) e nese caso Morvay dálles un tratamento máis rigoroso. Un lector atento percibe que non dá a mesma cantidade de información ***arribar a les seves*** que {*u. p. arriba (o sap arribar) a les seves*}: a conxunción dos dous sistemas permítelle condensar nunha entrada o uso habitual e mailas posibles variacións: *jo... sabria arribar a les meves....*, co que chega a dous tipos de lectores.

O PDFC, de cando en cando e despois do lema, inclúe marcas de estilo coma (admin), (arg), (col·loq), (culte), (desp), (hum), (infant), (iròn), (lit), (obs), (pej), (period), (poc ús), (rur), (vulg) e referencias dialectais como (Ross.) é dicir, rossellonés. Ata onde eu percibín a marca (col·loq), que en fraseoloxía parece redundante, aquí só marca unidades que, sen seren integralmente vulgares, conteñen unha ou varias palabras vulgares e que, por esa razón, só se poden usar nun contexto de moita confianza (coloquial).

A cada entrada pode chega-lo usuario dende a palabra máis significativa (substantivo, verbo etc.: no caso visto *salt*) que aparece en negriña como epígrafe (**SALT**); pero tamén pode chegar dende un índice temático ou semántico que nas páxinas 28-45 precede o dicionario. Se alí busca o concepto “ràpidament” o PDFC remíteo ás epígrafes **PIM** (*i pim i pam*), **SALT** (*amb dos salts i una camada*) e **VIA** (*fer més via*): é dicir, o PDFC permite un uso pasivo (para entender) e un uso activo (para expresar).

K. Morvay, como queda dito, empapouse xa moi novo nos avanzados métodos da fraseografía eslava: por iso introduciu na península ibérica o concepto de *metafraseografía* (fraseografía teórica) para distinguila da *fraseografía práctica* (elaboración de dicionarios) <sup>6</sup> que é unha tarefa distinta e posterior. Este PDFC é modélico porque o feito coa fraseoloxía dun libro “de Cerdà” pode aplicarse ós libros doutro autor (coma o de Moncada que K. Morvay tamén traballou con M. Biosca); mais eu coido que a microestrutura do PDF marca unha pauta na fraseografía catalá (feita xa sobre fontes orais) e podería chegar a ser un estándar para a fraseografía da Península Ibérica.

Hai un segundo elemento que non me parece menor: o PDFC puxo o foco na vitalidade e riqueza dunha lingua nun territorio no que nese momento aínda non era oficial <sup>7</sup> e este feito cuestiona certos prexuízos científicos e abre portas para tódalas linguas realmente faladas independentemente do espazo que a política lles conceda. Só nunha cousa discrepo: cando as linguas teñen boas raíces (como é o caso do catalán da Cerdanya) e cando se coidan ben (como fai este *Petit diccionari fraseològic cerdanià*) estou seguro de que *els bons usos no es perden*. Cando un fraseoloxismo consegue que alguén o describa, xa ten un seguro de vida. O máis probable agora é que a letra impresa lles dea osíxeno a estes *bons usos*, que lles facilite a circulación, que os falantes recuperen outros e que, a imaxe deles, nazan máis igualmente elaborados e luminosos. Para a fraseografía da Península Ibérica, non só para a catalá, é un privilexio o maxisterio teórico-práctico de Károly Morvay.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

**NAVARRO, Carmen (2008): *Aspectos de fraseología contrastiva español-italiano*. Verona: Edizioni Fiorini. ISBN 978-88-87082-86-9; 188 páxs.**

A obra obxecto desta recensión supón unha valiosa contribución ao panorama da fraseoloxía contrastiva español-italiano. Ata o momento e salvando honrosas excepcións como a obra de P. Quiroga *Fraseología italo-española. Aspectos de lingüística aplicada y contrastiva* (2006), a fraseoloxía deste par de linguas non foi obxecto dun estudo sistemático, debido en parte ao grao de desvantaxe que presenta a fraseoloxía monolingüe do italiano con respecto á do español e outras linguas europeas (vid. páx. 12-13: “Los estudios italianos no han producido hasta hoy una descripción sistemática y teórica de la fraseología, son pocos los estudios que se ocupan de este fenómeno lingüístico y contamos, sobre todo, con aportaciones parciales en estudios de morfología léxica [...], semántica [...], dialectología [...], lexicografía”). Teniendo como telón de fondo esta

<sup>6</sup> MORVAY, K. (2004): “Por unha metafraseografía peninsular” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2004;169-189.

<sup>7</sup> O catalán conseguiu ser cooficial co francés pouco despois da publicación deste dicionario: aprobouna o Consell General dels Pirineus Orientals en sesión do 10.12.2007 [<http://www.cg66.fr/202-charte-en-faveur-du-catalan.htm>].

cita de la autora del volumen, no podemos dejar de congratularnos con ella por el valor intrínseco de esta monografía, la cual supone un paso adelante en la consolidación de los estudios fraseológicos en Italia y una piedra angular en la fraseología contrastiva de la lengua italiana y española.”

O libro *Aspectos de fraseología contrastiva español-italiano* apóiase en gran medida nos presupostos da lingüística cognitiva, especialmente na obra de Iñesta/Pamies (2002: *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*, Granada, Método Ediciones) no que se refire á nomenclatura xerarquizada na análise metafórica que se leva a cabo no anexo II do libro (páxs. 167-188). Tamén as teorías doutros recoñecidos autores cognitivistas como Lakoff/Johnson, Kövecses, Gibbs ou Casadei serven de base ao volume e á súa concepción de fondo: a necesidade de aproveitar os estudos cognitivistas no ensino de linguas (vid. capítulo 6).

A obra está articulada en sete capítulos: 1. La fraseología; 2. Propiedades definitorias de las unidades fraseológicas; 3. Esferas que componen el universo fraseológico; 4. Funciones de las unidades fraseológicas; 5. Lingüística contrastiva; 6. Didáctica de las unidades fraseológicas; 7. La fraseología en los diccionarios bilingües español/italiano. Clausura a monografía unha extensa lista bibliográfica, parte da cal está constituída polos títulos sobre fraseoloxía contrastiva español-italiano publicados ata o momento, o que supón unha interesante información sobre o estado da cuestión. Ao final da bibliografía pódese atopar un dobre anexo, un deles a modo de diccionario coas locucións somáticas en ambas linguas que serviron de base empírica para a realización da obra, e un segundo cunha análise onomasiolóxica de distintos campos conceptuais e os seus modelos metafóricos en español e italiano.

Destaquemos agora por capítulos os aspectos máis significativos.

1. O primeiro capítulo ofrece un rico balance sobre as obras sobranceiras dentro dos estudos fraseolóxicos do italiano e español. Nel clasifícanse os autores de acordo coa súa concepción ancha ou estreita da fraseoloxía. Este capítulo ten grande interese porque permite comparar cales foron ata o momento as facetas máis estudadas dentro da fraseoloxía das dúas linguas, e qué campos quedan por traballar. Os autores citados en cada unha das panorámicas son os máis representativos na fraseoloxía de cada lingua e os que abriron novas vías de estudo. Certamente, resulta desigual o desenvolvemento que experimentou a fraseoloxía española, disciplina hoxe totalmente asentada e de grande auxe no panorama español, coa fraseoloxía italiana que comeza a loitar por buscar o recoñecemento como parcela lingüística propia.

2. Neste primeiro capítulo incídese igualmente na dificultade que entraña querer establecer compartimentos estancos entre os distintos tipos de fraseoloxismos, tendo en conta que estes constitúen un continuum con respecto ás cadeas polilexemáticas libres, e en todo caso unha “categoría no discreta, estruturada gradualmente” (páx. 31). A autora parte no seu estudo da idea de centro e periferia que defende a Escola de Praga, que é o modelo que se verificou como máis idóneo nos últimos anos e que desterra a visión inmovilista das tipoloxías discretas de fraseoloxismos, propia dos primeiros anos de

investigación fraseolóxica ata o comezo do século XXI. No terceiro capítulo, “Esferas que componen el universo fraseológico”, Carmen Navarro retoma o tema da clasificación dos fraseoloxismos e defende a clasificación ampla de Corpas Pastor en colocacións e enunciados fraseolóxicos.

3. O segundo capítulo está dedicado ás propiedades definitorias das unidades fraseolóxicas e trata os temas da reproducibilidade/institucionalización, a fixación fraseolóxica, a restrición combinatoria/combinatoria preferente/solidaridade léxica, a desautomatización, a idiomaticidade e a motivación. A autora estuda a interconexión dos distintos aspectos definitorios, presentando, comparando e agrupando diferentes puntos de vista neste asunto e destacando a tensión e complementariedade entre o criterio de fixación e as variantes léxicas. Na súa exposición, a autora recorre non só a lingüistas italianos e españois, senón tamén doutras partes de Europa e o mundo, como rusos (Dobrovol’skij, Černyševa), alemáns (Thun, Wotjak, Fleischer) e cubanos de tradición soviética (como Carneado Moré, Tristá). Queda patente con isto o coñecemento profundo da autora sobre as distintas escolas e tendencias de estudo na fraseoloxía. Nesta orde de cousas e en relación aos criterios definitorios dos fraseoloxismos que cita Carmen Navarro (páx. 35), quixera destacar en concreto a postura dalgúns autores xenerativistas para os que os aspectos formais e morfosintácticos dos fraseoloxismos (p.ex. as restricións transformacionais) dependen primordialmente das características semánticas e da idiomaticidade (p.ex. Chafe ou Newmeyer), punto de vista que recolleron despois algúns cognitivistas como Dmitriy Dobrovol’skij (1999)<sup>8</sup>, para quen p.ex. a transformación a pasiva depende da configuración semántica e da imaxe dos fraseoloxismos. Desta maneira, comprobamos como perspectivas que parecían superadas reaparecen na actualidade baixo outro prisma. En materia de idiomaticidade a autora Carmen Navarro opta pola corrente cognitivista para explicar a especificidade da idiomaticidade fraseolóxica (páx. 45), destacando moi especialmente a contribución de Casadei, fraseóloga italiana que de momento pasou case desapercibida en España malia ter publicado obras que revelan puntos de vista de grande alcance sobre a semántica e as metáforas dos fraseoloxismos<sup>9</sup>.

4. No capítulo cuarto, “Funciones de las unidades fraseológicas”, a autora parte dun estudo empírico previo sobre fraseoloxismos en español e italiano recollidos no diario español *El País* (período 2000-2001) e no italiano *La Repubblica* (2008). Con este corpus Carmen Navarro analiza a función fraseolóxica, a comunicativa, a connotativa e a icónica. Digno de mención é o espazo que a autora lle dedica ás colocacións<sup>10</sup>, que divide en varios tipos

<sup>8</sup> Vid. Dmitriy Dobrovol’skij (1999): “Zur syntaktischen Flexibilität der Idiomstruktur. Kognitivsemantische Aspekte”, *Revista de Filología Alemana*, 7, 209-238.

<sup>9</sup> Sobre a teoría da metáfora desta autora comenta Carmen Navarro “[...] el objetivo de esta estudiosa es utilizar las metáforas conceptuales para describir la semántica de lo que ella denomina expresiones idiomáticas” (pág. 18-19), ao contrario do *modus operandi* doutros cognitivistas, que se serven da análise lingüística a posteriori, só coa finalidade de confirmar certas estruturas conceptuais, pero non representa un fin en si mesmo.

<sup>10</sup> A concepción de “colocación” da autora é máis ampla cás doutros autores, como Hausmann, xa que inclúe unidades que dende o meu punto de vista son compostos sintagmáticos endocéntricos como *poder adquisitivo*, *sector público*, *atención primaria*, *guerra fredda*, *metro quadro* ou *beni culturali*. Nos citados exemplos é patente a relación propia dos compostos: elemento determinado – elemento determinante, e nos



ou “patrones categoriales” (pág. 63) segundo a súa estrutura e ilustra cada patrón con numerosos exemplos en italiano e español extraídos do seu corpus xornalístico. Neste punto, resulta de interese o estado dinámico das colocacións, que, por estaren situadas no nivel da norma, pódense xerar *de facto* coa simple repetición no discurso (p.ex. as novísimas colocacións *descargar una película; piratear una película; subir un archivo*).

5. No quinto capítulo, a autora analiza os conceptos de “fraseología contrastiva” e de “equivalencia” e estuda os graos de equivalencia nos somatismos españois e italianos do seu corpus. Resulta fundamental a distinción de Carmen Navarro entre “equivalencia semántica o funcional”, no nivel do sistema (obxecto da lingüística contrastiva) e a “equivalencia textual”, no nivel discursivo (obxecto da tradutoloxía) (vid. páxs. 79-80). Moitos lingüistas ignoran esta distinción e isto lévaos a confundir criterios cando establecen unha tipoloxía da equivalencia entre dúas linguas. Tamén a distinción entre “equivalencia”, no plano semántico, e “congruencia” (termo de B. Wotjak/Ginsburg), no plano formal, resulta relevante para determinar o tipo de equivalencia interlingüística (vid. pág. 85). A clasificación dos tipos de equivalencia en seis niveis, dependendo p.ex. do grao de similitude entre a imaxe ou os compoñentes léxicos, é orixinal da autora e resulta moi útil para comparar a afinidade entre os somatismos do español e o italiano, sendo tamén aplicable a outros tipos de fraseoloxismos. O gran número de exemplos neste quinto capítulo é esclarecedor para comprobar os graos de converxencia e diverxencia entre a fraseoloxía do español e a do italiano.

6. No sexto capítulo, “Didáctica de las unidades fraseológicas”, fanse propostas concretas de metodoloxía didáctica tanto de locucións coma de refráns españois e italianos. Esta parte empírica pode ser de grande utilidade na aula de linguas extranxeiras e aproveita de maneira óptima a tipoloxía de graos de equivalencia que se expón no capítulo anterior. A autora aposta por un tratamento intensivo dos fraseoloxismos na aula, axustado á súa importancia xeral na lingua, xa que non se trata dun “ámbito marginal y periférico de la competencia lingüística de nuestros aprendices” (pág. 106), senón todo o contrario. En todo isto, a semántica cognitiva pode abrir moitas portas no ensino da fraseoloxía de linguas extranxeiras.

7. O último capítulo, dedicado aos dicionarios bilingües español/italiano, profunda en aspectos diversos da macro e microestrutura dos dicionarios, incidindo na dificultade intrínseca que entraña a elaboración dos dicionarios bilingües, sobre todo en fraseoloxía, debido por unha banda á asimetría formal e semántica nas relacións de equivalencia entre as distintas linguas e, por outra, ao forte compoñente pragmático que define as locucións ou fórmulas rutinarias. Neste contexto non podemos por menos de citar a magnífica

---

que o determinante se caracteriza por delimitar unha subclase do referente ao que alude o determinado. Pola contra, nas colocacións típicas, o colocado (que equivalería ao determinante) non delimita unha subclase de referentes da base (que equivalería ao elemento determinado), senón que só amosa unha calidade específica do referente ao que alude a base. Desta maneira, *sector público*, é unha subclase de *sector* (en relación de hiponimia con este), mentres que en *soltero empedernido*, *empedernido* amosa unha calidade atribuíble a *soltero*. Ademais disto, nos compostos sintagmáticos non hai posibilidade de substituír o determinante (coma en *mercado negro*), mentres que nas colocacións si é posible, aínda que sexa de maneira restrinxida (*llorar amargamente/desconsoladamente*).

obra teórico-práctica de Vanda Durante (2006): *Para la elaboración de un diccionario fraseológico español-italiano: base metodológica* (Nápoles: La città del sole), na que se ofrecen interesantes propostas para a creación de dicionarios bilingües no par de linguas español-italiano.

Para concluír, quero resaltar o valor innovador da obra de Carmen Navarro, dada a escaseza de estudos que se realizaron nesta liña no par de linguas español-italiano. Esta obra, ademais de sentar as bases para futuros estudos contrastivos con este par de linguas, contribuíu de maneira significativa á consolidación dos estudos fraseolóxicos en Italia.

Carmen Mellado Blanco

Universidade de Santiago de Compostela

**PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá. ISBN-13: 9788415595762; 332 páxs.**



Tras moitos anos de investigación no ámbito da fraseoloxía do español, desde perspectivas moi diferentes (didáctica, gramática, semántica, lexicografía etc.), Inmaculada Penadés publica este libro no cal, centrándose en dous dos aspectos mencionados, a gramática e a semántica, e nun tipo especial de unidade fraseolóxica, as locucións, recolle e sistematiza os froitos desa delongada reflexión.

O libro preséntase ao tempo como unha introdución ao estudo das locucións para aqueles que se inician no eido fraseolóxico e como unha nova achega ao coñecemento de tal tipo de unidades, para os que son xa especialistas no campo. A estrutura dos apartados que conforman cada capítulo responde a esta dobre funcionalidade, posto que adoitan comezar cun repaso ao que xa se

ten dito sobre a cuestión abordada, sobre todo no ámbito do castelán; isto é, cun estado da cuestión moi útil para os non-iniciados, que se complementa coa discusión, toma de postura ou, no seu caso, nova proposta da autora, o cal resulta de sumo interese para os que xa posúen formación fraseolóxica.



O libro, precedido dunha breve introdución, está conformado por tres capítulos centrais: “Las locuciones, como las palabras y a diferencia de las palabras”, “Gramática de las locuciones” e “Semántica de las locuciones”. A obra remata coas conclusións, as referencias bibliográficas e un índice das locucións do español citadas ao longo do texto.

O primeiro capítulo ten por obxectivo delimitar o obxecto de estudo e para iso a autora fai un repaso ás diferentes definicións de locución que se ofrecen na bibliografía sobre o tema, así como ás características que adoitan presentarse como propias deste tipo de unidades, con especial atención á fixación, a idiomaticidade, a gradación (esencialmente da fixación e da idiomaticidade), a variación e a frecuencia no discurso. Penadés Martínez pensa que a combinación de palabras, a fixación e a idiomaticidade deben considerarse trazos definitorios das unidades fraseolóxicas, con independencia de que se poidan encontrar nelas en maior ou menor grao (ou mesmo en grao cero, no caso da idiomaticidade). Dentro das unidades fraseolóxicas, as locucións caracterizaríanse por funcionar como elementos oracionais (fronte ás paremias e ás fórmulas). A autora limita o seu obxecto de estudo ás locucións nominais, adxectivas, pronominais, verbais e adverbiais e prescinde de analizar as preposicionais e as conxuntivas.

No capítulo que leva por título “Gramática de las locuciones”, o máis extenso da obra, Inmaculada Penadés, tras estudar a diferenciación entre locución, colocación e composto sintagmático, fai un repaso crítico polas diferentes clases de locucións que se teñen establecido na fraseoloxía española e aborda algunhas das cuestións que resultan máis conflitivas nesta tipoloxía: a consideración de expresións con valor cuantitativo do tipo de *un montón*, *una barbaridad*, *una burrada* etc.; a clasificación das construcións comparativas; a tan debatida existencia de locucións clausais etc.

No entanto, a finalidade central deste capítulo é amosar o funcionamento gramatical das locucións e mostrar o paralelismo existente entre a gramática destas expresións pluriverbais e a das unidades monolexicais (e, no seu caso, as diverxencias). A tal fin, Inmaculada Penadés parte da caracterización gramatical de substantivos, adxectivos, pronomes, verbos e adverbios (baseándose fundamentalmente na *Nueva Gramática de la lengua española*, de la Real Academia Española e da Asociación de Academias de la Lengua Española) para ir mostrando os paralelismos existentes entre o funcionamento de tales clases de palabras e o das locucións correspondentes. Por poñer un exemplo, ao estudar as locucións adxectivas, a autora analiza o seu comportamento flexivo, en liña co comportamento dos adxectivos en canto ao xénero e ao número, as funcións que poden desempeñar na frase e na oración e os elementos que as poden modificar (en ambos casos, os mesmos propios dos adxectivos), así como a clasificación de que poden ser obxecto en función dos valores semánticos que portan, coincidentes cos das correspondentes unidades monoverbais. A exposición vai acompañada de frecuentes exemplos de locucións extraídos do CREA e do CORDE.

Gustaríanos destacar a importancia deste enfoque, que mostra ben ás claras como, desde o punto de vista do seu comportamento gramatical, “las locuciones, una de las clases de unidades fraseológicas, son como las palabras” (p. 279). E este aspecto debe ser salientado

na medida en que, como sinala a propia autora, en moitas ocasións o investigador sitúa as locucións fóra do núcleo da gramática, cando, contrariamente, responden aos mesmos patróns de comportamento cás unidades monolexicais e son unha fonte interesantísima para o coñecemento da gramática da lingua, en xeral.

A autora insiste frecuentemente ao longo da súa exposición no seu desacordo cos autores que analizan internamente as locucións (sinalando, por exemplo, que unha locución verbal como *alzar el gallo* está composta por un verbo e un complemento directo), posto que tal análise destrúe, segundo a autora, a locución como tal, isto é, como unha unidade léxica que funciona como elemento oracional e na que os constituíntes non desempeñan ningún papel interno. Con todo, só podemos concordar parcialmente con esta crítica, na medida en que, na nosa opinión, e cando menos no que se refire ás locucións verbais, existe un bo número de expresións semanticamente e, daquela, sintacticamente, analizables (ademais dunha tendencia xeral á descomposición), o que se reflicte en determinados comportamentos sintácticos (posibilidade de relativización: “quéixase do pouco xogo *que* lle dan nas tarefas de goberno”, posibilidade de modificación: “mover *a seguinte* peza”, posibilidade de tematización “a oferta era ampla, pero *a palma* nas facturas levábana as freiras do Carmelo” etc.<sup>11</sup>).

No capítulo 3, “Semántica de las locuciones”, a autora analiza catro aspectos relativos ao significado deste tipo de unidades: a motivación, e en relación con esta, as metáforas e as metonimias; as relacións semánticas (oposición e hiperonimia-hiponimia); a sinonimia, así como, finalmente, os fenómenos da polisemia e a homonimia.

No que atinxe ao estudo das metáforas, Inmaculada Penadés analiza o fenómeno da animalización dentro das locucións verbais do español,; mentres que no que respecta á metonimia, o estudo cingúese ás locucións nominais que teñen como núcleo constitutivo unha parte do corpo (somatismos) e que serven para a caracterización dos seres humanos. Ambas as dúas análises sitúanse no marco teórico da lingüística cognitiva.

Contrariamente, para a análise das relacións semánticas Penadés Martínez adopta un punto de vista funcional, mostrando a posibilidade de estruturar semanticamente as locucións a partir de relacións semánticas de oposición (nos seus distintos tipos), de hiperonimia / hiponimia, así como de cohiponimia.

No que respecta á sinonimia, a autora non a considera unha relación semántica, senón un tipo de variación contextual entre locucións, que pode depender do rexistro, da combinatoria sintagmática, da modalidade afirmativa ou negativa da oración na que se insire a locución, etc. Finalmente, e en relación coa polisemia e a homonimia, Inmaculada Penadés analiza diversos exemplos mostrando como entre os significados asociados a un mesmo significante pode existir ou non relación semántica, e como no primeiro caso, poden encontrarse con frecuencia relacións semánticas de oposición, de hiperonimia-hiponimia ou de cohiponimia (por exemplo, *atar cabos*, que presenta os

<sup>11</sup> Vid. María Álvarez de la Granja (2003): *As locucións verbais galegas*. Santiago de Compostela: Universidade.

valores “relacionar aspectos parciais de una cosa” e “relacionar datos con los que se descubre una cosa”).

Nas conclusións, a autora, ademais de retomar as ideas principais do seu traballo, ofrece unha listaxe de cuestións que son tratadas na obra, pero que merecen unha discusión máis dilatada: a delimitación das locucións con respecto ás colocacións e aos compostos sintagmáticos, a relación entre sinonimia e variación, os criterios para considerar unha construción comparativa como unidade fraseolóxica, etc.

Sen dúbida, o estudo demorado destes aspectos botará aínda máis luz sobre a gramática e a semántica das locucións, pero é indiscutible que a ollada certa de Inmaculada Penadés ofrecida neste libro será, a partir de agora, un punto de partida absolutamente inescusable para todos aqueles que decidan internarse no interesante e complexo mundo destas unidades, que constitúen o centro do universo fraseolóxico. Trátase, ademais, dunha ollada especialmente interesante porque nos revela como os mesmos instrumentos e conceptos que nos permiten analizar as unidades monolexicais son axeitados para o estudo das expresións complexas, de tal modo que “la fraseología nutre a la lingüística y, al tiempo, se alimenta de ella” (páx. 285). Esperamos que fraseólogos, gramáticos e lexicólogos reparen nesta simbiose e saiban tirar proveito dela.

María Álvarez de la Granja

Universidade de Santiago de Compostela

**ROBLES I SABATER, Ferran (2010): *Aspectes de fraseoloxía contrastiva alemanyatalá: fraseologismes de la producció verbal*. Aachen: Shaker Verlag. ISBN: 9783832292874; 301 páxs.**

Aínda que o interese pola fraseoloxía contrastiva entre o alemán e as linguas románicas non é un feito novidoso, no caso concreto que nos ocupa, este libro é pioneiro no par de linguas alemán e catalán no tratamento dun aspecto moi concreto: a descrición e o contraste dun corpus de 322 locucións alemás e catalás que presentan un verbo comunicativo de lingua na función do núcleo. O autor analiza a función metalingüística da linguaxe, por medio de UUFF que evidencian aspectos diversos da produción lingüística.

A obra de Ferran Robles i Sabater consta de sete capítulos e presenta unha estrutura lineal. O primeiro capítulo do libro ábrese cos aspectos teóricos da fraseoloxía: definición e ámbito de estudo. A fraseoloxía foi considerada como a parte máis impenetrable do léxico dunha lingua. Por regra xeral, as unidades fraseolóxicas coñecéronse ata hai ben pouco como unidades intrinsecamente irregulares (defectividade combinatoria e transformacional) e reacias a calquera intento de sistematización. Neste sentido, o autor defende a postura contraria de autores como Newmeyer (1974), Möhring (1996) ou Dobrovól'skij (1999, 2002), que se empeñaron en conferirlle uniformidade e sistematicidade á fraseoloxía,



para explicar a natureza e o funcionamento das unidades fraseolóxicas e integrais no sistema da lingua como unidades lingüísticas cun status propio e diferenciado.

Para a caracterización das UUFF, o autor defende a concepción de categoría que ten a lingüística cognitiva e afástase, por tanto, da definición que proporciona a gramática tradicional, que consideraba as categorías como compartimentos estancos e homoxéneos, definibles a partir dunha serie de propiedades necesarias e suficientes. As categorías asóciáanse a un prototipo, é dicir, a unha imaxe mental formada a partir da interacción dun conxunto de propiedades características. Da mesma maneira, non todas as unidades que forman parte dunha categoría son igualmente representativas. O concepto de

categoría enlaza coa concepción non discreta da fraseoloxía, segundo a que as UUFF se estruturarían de forma xerárquica, dende un centro (unidades equivalentes á palabra ou ao sintagma) ata unidades situadas na periferia (estruturas que superan o sintagma como os refráns, frases proverbiais, etc.).

Por outra parte, o autor pretende revisar a definición que propoñen Corpas (1997) ou Ruiz Gurillo (1997), de locución verbal constituída por un núcleo verbal, e os seus complementos que se inserta no discurso tal e como o faría un verbo como unidade léxica libre na comunicación verbal. O autor sostén que as locucións presentan un certo grao de cohesión sintáctica e semántica, e que se integran dentro do discurso falado, non como bloques léxicos, senón máis ben, como un único elemento oracional cunha función sintáctica determinada e un significado en bloque.

As locucións verbais con valor metalingüístico non se poden someter a procesos de transformación e combinación con outros elementos do discurso, debido ás súas restricións sintáctico-semánticas. Polo tanto, Robles i Sabater vese impelido a deseñar un modelo capaz de identificar as particularidades que fan das locucións metalingüísticas, elementos singulares do sistema da lingua.

O segundo capítulo está pretende caracterizar os verbos comunicativos de lingua. Para a clasificación e distribución das locucións do corpus obxecto de estudo, Robles i Sabater baseouse nos modelos propostos por Harras (2002) e Aznárez (2006). O primeiro deles, Harras (2002), establece, grosso modo, sete paradigmas de verbos comunicativos de lingua:

- verbos comunicativos de carácter xeral,
- verbos que designan actos de fala,
- verbos que designan unha determinada estrutura da conversa,
- verbos que designan as secuencias dunha conversa,

- verbos que aluden ás diferentes formas de produción do enunciado,
- verbos que describen o instrumento que utiliza o emisor para expresar un enunciado e, por último,
- verbos que indican a abertura ou o peche dunha conversa.

Aznárez (2006) apóiase na teoría coseriana dos tres niveis no falar e incorpora aspectos da comunicación lingüística oral, ao empregar outras canles e códigos. En consecuencia, as expresións quedan clasificadas en dous grandes apartados: expresións referidas a cuestións relacionadas co nivel biolóxico e expresións referidas a aspectos culturais da fala (plano universal, histórico e individual). Anéxase outro bloque que se circunscribe a expresións de contido pragmático ou discursivo (fórmulas psicosociais e fórmulas discursivas).

O capítulo 3 presenta un novo modelo de análise, co que estuda 179 locucións alemás e 144 locucións catalás que son o corpus obxecto de estudo. Para a elaboración do modelo de análise, o autor partiu de dúas fontes. Para a descrición modular dos fraseolexemas verbais alemáns o autor baseouse na proposta de Wotjak (1987, 1989, 1992), e para o estudo das UUFF con función metalingüística do español apoiouse nos traballos de Fernández (2002) e de Aznárez (2006).

Wotjak deseñou un mecanismo capaz de visualizar os diferentes niveis de significación dun fraseolexema (FL) a partir do enunciado da súa propia base proposicional, dividido en 5 apartados: adscripción dun FL a un campo onomasiolóxico; trazos semánticos e sintácticos que configuran a valencia do FL dende o punto de vista funcional e categorial; frecuencia de aparición; uso que revela variantes diatópicas, diastráticas e diafásicas; e, por último, indicacións dun FL como portador de determinados trazos culturais, nacionais, históricos, etc.

O modelo de análise que propón o Robles i Sabater é o que segue:

Caracterización da produción do enunciado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Parámetros físico-articulatorios</li> <li>• Parámetros físico-acústicos</li> <li>• Parámetros temporal-cuantitativos</li> </ul>
Caracterización dos elementos da enunciación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• emisor</li> <li>• receptor o destinatario</li> <li>• contido do discurso</li> <li>• código lingüístico</li> <li>• canle</li> <li>• cortesía</li> <li>• perspectiva metacomunicativa: queda de palabra</li> </ul>

O autor divide en seis apartados os niveis de significación das 322 UUFF analizadas:

- Definición, coa indicación da fonte lexicográfica de referencia
- Estrutura argumental da locución, seguindo o modelo sintáctico-semántico de Wotjak. Este modelo baséase na fórmula R a b c que indica a valencia da locución a partir dunha relación triargumental (emisor, destinatario e enunciado ou obxecto do discurso).

- Caracterización semántica dos argumentos locucionais
- Caracterización sintáctica
- Variacións léxicas, morfolóxicas e sintácticas
- Exemplos procedentes de corpóra lingüísticos informatizados de referencia que ilustran o indicado nos apartados anteriores.

Na compilación do corpus de fraseoloxismos alemáns o autor baséase nas propostas de Harras et. al. (2004). Na dos lexemas equivalentes en catalán, nos dicionarios de sinónimos de Jané (1995), Franquesa (1970) e Raspall /Riera (1972). O corpus está formado por construcións que responden maioritariamente á definición tradicional de locución (Zuluaga 1980; Corpas 1997; Ruiz Gurillo 1997). Da mesma maneira, inclúense sintagmas, situados a cabalo entre a locución e a colocación, con valor idiomático e provistos dun alto grao de fixación. O autor non toma en consideración UUFF situadas no ámbito oracional ou supraoracional tales como al. *Reden ist Silber, Schweigen ist Gold*; cat. *una cosa és dir i l'altra és fer* ou locucións que non presenten un valor metalingüístico.

Partindo da clasificación que suxire arriba o autor, no capítulo cuarto preséntanse os trazos que caracterizan cada unha destas construcións metalingüísticas nos seus diferentes niveis de significación. No primeiro gran bloque (Caracterización da produción do enunciado), as locucións que engloban o primeiro parámetro físico-articulatorio, adoitan aparecer, por regra xeral, baixo un mesmo patrón estrutural *durch die Nase sprechen, parler amb el nas*. As UUFF que caracterizan o parámetro físico-acústico presentan un grao baixo de fixación e admiten cambios tanto no compoñente verbal coma no resto dos seus constituíntes: al. *brüllen wie ein Stier, bluten wie ein angestochenes Schwein*; cat. *cridar a plena veu, dir en veu alta*. O parámetro temporal-cuantitativo confórmano locucións que teñen principalmente verbos de lingua con valor xeral (*reden, sagen/dir, parlar*). Do mesmo xeito détéctanse padróns estruturais compartidos por unidades cun significado fraseolóxico idéntico: *kein Sterbenswort sagen, keinen Ton sagen, keinen Pieps sagen* e os seus equivalentes cataláns *no dir ni mu, no dir ni piu* ou estruturas comparativas al. *reden wie ein Buch, reden wie ein Maschinengewehr, wie ein Wasserfall/wie ein Papagei*; cat. *xerrar com una cotorra, parlar més que fetge en brasa, xerrar més que un sac de nous*, etc.

O segundo bloque (Caracterización dos elementos da enunciación) constitúeno unidades que amosan unha gran diversidade, tanto na forma coma no seu significado fraseolóxico. No apartado da actitude do emisor (a sinceridade), chamounos a atención que non se mencionen UUFF alemás en combinación co compoñente somático *Herz*, por exemplo, *mit Hand aufs Herz, aus vollem Herzen, sich etw. vom Herzen reden*, etc., tal e como acertadamente aparecen nos exemplos cataláns *dir amb tot el cor, dir de (tot) cor, parlar amb el cor a la má*, etc. Mentres que a insinceridade do emisor enúnciase en alemán por medio de construcións sintácticas nominais como das *Blaue vom Himmel (herunter) lügen* ou *einem vom Pferd erzählen*, o catalán emprega para isto compoñentes somáticos como *mentir per coll, mentir per la barba, mentir per la gola*, etc. Aínda así, o autor curiosamente non citou expresións en catalán no subapartado “As mentiras do emisor atopan o rexeitamento do receptor” correspondente ao apartado “O emisor é insincero”, cando si que se detectaron UUFF en alemán tales como *jdms. Friseur erzählen können*,

*jmds. Großmutter erzählen können, (keine) Märchen erzählen*, etc. e de feito, existen paralelismos co castelán nas UUFF *cuéntaselo a tu tía/a tu abuela, no me cuentes milongas, a otro con ese cuento*, etc.

Aspectos intrínsecos á simboloxía alemá obsérvanse, por exemplo, na construción nominal das *Blaue vom Himmel*, en combinación con verbos de “dicir” como *versprechen* ou *lügen*, con ausencia de equivalencia en catalán. No ámbito da inxuria, obsérvase o emprego do mesmo lexema nas fraseoloxías alemá e catalá por medio das UUFF *fluchen wie ein (Bier) Kutscher* e *renegar com un carreter*. Da mesma maneira, no contexto dos actos de fala con efectos perlocutivos detéctase un paralelismo entre as UUFF *gegen eine Mauer/eine Wand reden* e *parlar a la paret* no que se refire á unidade léxica *Wand/paret*. As UUFF que engloban actos de fala declarativos son totalmente equivalentes: al. *zu den Urnen rufen, den Krieg erklären*; cat. *cridar a les urnes, declarar la guerra*.

Cómpre resaltar a observación que fai o autor en torno a dous tipos de verbos: os que aparecen inseparablemente asociados a un tipo de valor comunicativo como volume de voz, alabanza ou a insinceridade do emisor (*schreien, loben* ou *lügen*), fronte a outros verbos de lingua que actúan como núcleos de sintagma que realizan diferentes tipos de actos de fala (*reden, sagen, sprechen*, etc.).

O capítulo 5 céntrase nas conclusións xerais que sintetizan as ideas que se expoñen no capítulo anterior. O autor expón de novo converxencias e diverxencias nos dous sistemas lingüísticos, resaltando máis as posibles regularidades no uso das locucións verbais metalingüísticas.

Robles i Sabater incide de novo no trato distintivo co que hai que abordar as UUFF, dado que estas posúen defectividade sintáctica, semántica, pragmática e morfolóxica. O capítulo 6 recolle as fontes bibliográficas citadas no traballo e o capítulo 7 e último presenta dous apéndices co listado das locucións alemás e catalás estudadas.

En resumidas contas, trátase dunha publicación imprescindible para aquelas persoas interesadas no estudo da fraseoloxía contrastiva no par de linguas alemán e catalán. O presente traballo pode ser unha fonte interesante e proveitosa no ámbito da tradución e do ensino de linguas. Estamos ante un traballo minucioso e moi ben documentado que ofrece unha nova visión das UUFF con valor metalingüístico e que presenta un modelo de análise moi exhaustiva delas: axudará a determinar cales son os trazos esenciais das locucións verbais metalingüísticas. Esta obra contribúe, por tanto, de forma significativa ao estudo das culturas alemá e catalá por medio das expresións fraseolóxicas que evidencian aspectos moi concretos da produción lingüística e, reiteramos, vén ser obra de consulta estritamente necesaria para futuras investigacións na disciplina da fraseoloxía contrastiva alemán-catalán.

Ana Mansilla Pérez<sup>12</sup>

Universidad de Murcia

<sup>12</sup> A presente recensión enmárcase dentro do Proxecto de Investigación HUM2007/62198/FILO sobre fraseoloxía contrastiva alemán-español, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación.



**SCHEMANN, Hans, MELLADO BLANCO, Carmen, BUJÁN, Patricia, IGLESIAS, Nely, LARRETA, Juan P., MANSILLA, Ana (2013): *Idiomatik Deutsch-Spanisch*. Hamburg: Buske. ISBN: 978-3-87548-628-5; 1202 paxs.**

Este dicionario fraseolóxico que publica a editorial alemá Helmut Buske de Hamburgo forma parte dunha serie de dicionarios fraseolóxicos bilingües entre o alemán e outras linguas europeas: inglés, francés, italiano, portugués e, agora, español.

A parte alemá é da responsabilidade do catedrático alemán Hans Schemann, que tamén é o motor desta serie de dicionarios fraseolóxicos de grande aceptación e recoñecemento en Alemaña e no resto de Europa polo seu rigor e volume (33.000 entradas).

A parte española é obra dun equipo de xermanistas dirixidos por Carmen Mellado Blanco, da Universidade de Santiago de Compostela e directora do grupo de investigación FRASESPAL, do que forman parte tódolos autores.

Este volume que recolle 33.000 entradas, concibe a fraseoloxía en sentido amplo, incluíndo as locucións idiomáticas pero tamén colocacións, marcadores discursivos plurilexemáticos, construcións de verbo soporte e esquemas sintácticos. Nas entradas aparecen especificados os actantes obrigatorios e facultativos de cada fraseoloxismo, a súa combinatoria léxica, as posibles restricións morfosintácticas e as marcas pragmáticas. Para cada significado ofrécese un exemplo definitorio de uso prototípico, cousa que o fai especialmente útil para usuarios e estudantes de alemán. Vexamos unha entrada tipo:

**Lupe:** (sich) jn./etw. **unter die Lupe nehmen** ugs · no quitarle (el) ojo/los ojos de encima a alg. (1); repasar/releer/... algo punto por punto (2)

1. *Deinen Vorarbeiter mußt du (dir) mal genau unter die Lupe nehmen. Der macht mehr Mist, als du dir träumen läßt. Also: kontrollier' den Mann mal genau!*

2. *Ich will mir Ihre Prüfungsarbeit nochmal unter die Lupe nehmen, obwohl ich mir eigentlich gar nicht vorstellen kann, daß ich da etwas übersehen oder falsch beurteilt haben könnte; ich habe sie nämlich besonders genau durchgesehen...*



Se o *Idiomatik Deutsch-Spanisch* consolida a serie de dicionarios fraseolóxicos de H. Schemann, a máis extensa e representativa das linguas europeas, tamén consolida o grupo de investigación FRASESPAL, que xurdiu en 2007 co proxecto de investigación *La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico* (e do que, ademais dos autores deste dicionario, tamén forman parte Claudia Herrero Kaczmarek e M<sup>a</sup> Carmen Losada Aldrey da Universidade compostelá). A este grupo débese tamén o Congreso *FRASESPAL2011, Internationale Tagung zur kontrastiven Phraseologie Deutsch-Spanisch/Galicisch* (Santiago de Compostela, 24-25.11.2011). Do mesmo xeito, cómpre amentar




a publicación máis recente do grupo FRASESPAL, anotada tamén no apartado ‘Novas’ desta revista: MELLADO BLANCO, Carmen (coord.); BUJÁN, Patricia; IGLESIAS, Nely M.; LOSADA, M. Carmen e MANSILLA, Ana (Hrsg.) (2013) *La fraseología del alemán y el español: lexicografía y traducción.*

Noelia Surribas Díaz

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

**VICENTE LLAVATA, Santiago (2011): *Estudio de las locuciones en la obra literaria de Don Íñigo López de Mendoza (Marqués de Santillana). Hacia una fraseología histórica del español.* Valencia: Universitat de València. 350 páxs. e CD\_ROM. ISBN: 978-84-370-8194-6.**



Coincidiendo co reinicio por parte da Real Academia Española dos labores que deben culminar definitivamente na publicación electrónica dun *Diccionario histórico de la lengua española* – proxecto comezado en varias ocasións e nunca rematado pola súa complexidade–, sae do prelo esta obra de Vicente Llavata, como anexo 76 da revista *Quaderns de Filologia*, que edita a Universidade de Valencia.

Trátase dunha extensa obra de 354 páxinas completadas cun CD-ROM de 800 páxinas, no que se inclúe un *Catálogo descriptivo de fraseoloxía histórica.*

Entre os estudos fraseolóxicos, a perspectiva diacrónica é a máis desatendida, o que fai que este

libro sexa especialmente benvido. Enmarcado dentro dun proxecto singular de *Diccionario histórico de fraseología del español*, esta obra supón unha achega importante, unha cata nas unidades fraseolóxicas documentadas na produción de D. Íñigo López de Mendoza, Marqués de Santillana, máximo representante da literatura española nun período clave como é a primeira metade do século XV (1398-1458).

De nove capítulos en que se divide o libro, os catro primeiros conforman a súa parte introdutoria. No primeiro (*Introducción*, pp. 31-44) realiza unha presentación da obra así como unha breve reflexión sobre as orixes dos estudos fraseolóxicos e os fundamentos dunha fraseoloxía histórica ou diacrónica.

O capítulo II (*La obra literaria de D. Íñigo López de Mendoza. Razón de un paradigma*, pp. 45-60) centra a súa atención na produción literaria do Marqués de Santillana,

poñendo de relevo a importancia da súa obra nun período no que conflúen diversas tradicións que sinalan a fin do mundo medieval e o comezo do renacentista (a poesía castelá, a lírica galego-portuguesa e catalano-provenzal, o humanismo italiano e latinizante).

Quizais botemos en falta neste capítulo algunha referencia maior á faceta do Marqués de Santillana como recolector de refráns ou creador de proverbios, pero cabe resaltar que o obxectivo principal desta obra non é tanto este aspecto activo de D. Íñigo López de Mendoza canto o seu papel pasivo de fonte documental de unidades fraseolóxicas dunha época crucial na historia da lingua española.

Por outra parte, entre a información interesante que podemos ler neste capítulo, hai un dato que nos afecta especialmente, pois o Marqués de Santillana foi quen por primeira vez recoñeceu a orixe galega da tradición lírica de Castela (*Prehemio e carta*).

O terceiro capítulo (*La fraseología como disciplina lingüística consolidada*, pp. 61-95) consta de tres apartados principais: 1. *Introducción*, 2. *Aspectos teóricos de la Fraseología* e 3. *La dimensión histórica de la Fraseología*.

O segundo apartado é o máis extenso. Nel, unha vez establecido o carácter científico da Fraseoloxía como disciplina lingüística consolidada na actualidade, no seo da cal caben diferentes enfoques e orientacións, desenvolve tres aspectos das unidades fraseolóxicas, para o que se basea esencialmente en Montoro (2006) e García-Page (2008):

1. As definicións de unidade fraseolóxica e locución, que para Llavata son termos case sinónimos dado que, partindo dunha concepción estreita da Fraseoloxía semellante á de García-Page, deixa fóra da súa consideración colocacións e construcións de verbo soporte. Como definicións tanto de unidade fraseolóxica como de locución acepta as de Montoro (2006), agás nun punto: seguindo a García-Page (2008) considera que tamén se deben integrar entre as locucións aquelas unidades fraseolóxicas que teñen estrutura oracional, as locucións oracionais. De aí a práctica sinonimia entre unidade fraseolóxica e locución. Para Montoro, a distinción é pertinente, pois as locucións equivalen no seu funcionamento a unha unidade léxica (non oracional).

2. Propiedades xerais das unidades fraseolóxicas. Son de sobra coñecidas, polo que non insistimos neste punto: pluriverbalidade, fixeza, idiomaticidade, institucionalización, frecuencia, variación, expresividade e gradualidade. En consonancia coa finalidade do traballo, esfórzase en salientar aqueles aspectos máis relacionados coa perspectiva histórica na que desenvolverá a parte principal do libro, é dicir, aqueles aspectos relacionados cos procesos diacrónicos polos que se produce a fixación e idiomaticidade (procesos de lexicalización e gramaticalización).

3. Clasificación das unidades didácticas. Seguindo os autores arriba mencionados analiza diversas propostas clasificadoras: baseadas en categorías discretas (Casares, Zuluaga, Carneado, a nosa compañeira nesta revista M. Álvarez de la Granja, Corpas, Burger), difusas (Wotjak e Ruiz) ou outras perspectivas de análise.

É este un punto de especial transcendencia, porque condiciona a elaboración do catálogo descritivo de fraseoloxía histórica do español, obxectivo no que se enmarca a presente obra. Deste xeito, tras considerar todas estas clasificacións, adopta a que, desde unha perspectiva estreita da Fraseoloxía, defende García-Page. Como antes dixemos, as locucións postúlanse como o verdadeiro obxecto da Fraseoloxía (polo que quedan fóra paremias, colocacións, construcións de verbo soporte e compostos). O resultado son as oito seguintes clases de colocacións: locución nominal, pronominal, adxectiva, adverbial, verbal, prepositiva, conxuntiva e oracional (dentro destas aínda se distinguen tres subclases: semioracionais, propiamente oracionais e locucións interxectivas e fórmulas pragmáticas).

Con todo, dadas as características da produción de I. López de Mendoza, malia non ser consideradas unidades fraseolóxicas por mor do seu mínimo índice de fraseoloxización, na obra tamén se teñen en conta as “construcións de verbo soporte”, separadas do catálogo histórico propiamente dito, pola súa relación indirecta coas locucións.

No terceiro apartado (*La dimensión histórica de la Fraseología*) faise unha primeira aproximación ao que será o obxecto prioritario do libro. Na opinión do autor, a investigación histórica no campo da fraseoloxía constitúe unha aportación novidosa tanto no ámbito da fraseoloxía propiamente dita como no da historia da lingua. E, en efecto, este enfoque diacrónico ten moito que ofrecer na investigación fraseolóxica, pois a formación de unidades fraseolóxicas é resultado dun proceso histórico de fixación de sintagmas libres.

Partindo destes presupostos, establece que os obxectivos principais da Fraseoloxía Histórica son elaborar unha historia global das unidades fraseolóxicas así como a historia particular de cada unha delas. Como máis adiante veremos, este último labor é o que se levará a cabo nos capítulos centrais de obra e no CD-ROM que se achega co volume.

O resultado final deste e doutros traballos da mesma orientación permitirían a elaboración dun *Diccionario histórico de fraseología del español* tal como queda definido en M. T. Echenique (2008), directora principal do proxecto no que esta obra se inscribe.

A parte introdutoria e de presentación do libro remata co capítulo IV (*El paradigma de las tradiciones discursivas en el estudio histórico de la fraseología*, pp. 97-105), no que se ofrece un enfoque innovador no estudo das unidades fraseolóxicas.

O recurso ás tradicións discursivas supón a aplicación de diferentes disciplinas lingüísticas (lingüística do texto, análise do discurso, pragmática) ao estudo da historia da lingua. En concreto, seguindo a Kabatek e Jacob (eds.) (2001) as tradicións discursivas son “moldes histórico-normativos, socialmente establecidos que se respetan en la produción de un discurso”, o cal ten grande importancia para o estudo da época do Marqués de Santillana porque na Idade Media, e especialmente no século XV, os cambios sociais provocaron a creación de novas tradicións textuais que inciden na lingua propia dos xéneros discursivos. Este capítulo remata cunha análise dos principios xerais das tradicións discursivas e unha recapitulación final.

Co capítulo V (*Estudio de las locuciones en la obra literaria de don Íñigo López de Mendoza (I). Catálogo descriptivo de fraseología histórica*, pp. 107-145) comeza a parte

principal do libro, centrada na análise das locucións documentadas na obra literaria que se indica na epígrafe.

Nesta primeira aproximación á materia incide en cuestións metodolóxicas relativas á confección dun corpus textual fraseolóxico (no que se documentan todas as unidades fraseolóxicas na obra do Marqués), traballo que discorre paralelo á elaboración do catálogo descritivo, no que se procede á análise minuciosa lingüístico-filolóxica de cada unha das unidades documentadas.

Tras listar a relación de locucións e variantes que conforman o catálogo (167 locucións adverbiais, 45 prepositivas, 37 verbais, 29 conxuntivas e 4 oracionais, todas coas súas respectivas variantes), o autor dedica o terceiro apartado deste capítulo á descrición pormenorizada da ficha fraseolóxica, base do catálogo descritivo.

Os campos de que consta a ficha son os seguintes:

- Documentación textual e propiedades gramaticais. Neste campo recóllese toda a documentación rexistrada na obra do Marqués de Santillana, frecuencia de aparición, citas e outras características gramaticais e semánticas.
- Documentación lexicográfica procedente do *Nuevo Tesoro Lexicográfico del Español* (S. XIV-1726), campo no que analiza o tratamento que cada unidade fraseolóxica ten recibido na tradición lexicográfica española monolingüe e bilingüe previa á creación da RAE.
- Documentación lexicográfica procedente do *Nuevo Tesoro Lexicográfico de la Lengua Española*, no que se realiza o mesmo traballo centrado agora na tradición lexicográfica moderna e contemporánea.
- Información etimolóxica, obtida principalmente de Corominas e Pascual.
- Fixación e variación fraseolóxicas, no que se analiza o grao de fixación e de variación da unidade fichada.

No último campo, relacionado co anterior, variación textual, documenta as distintas lecturas das unidades fraseolóxicas na tradición textual manuscrita e impresa.

Para rematar este capítulo, Vicente Llavata xustifica os criterios de presentación deste catálogo descritivo de fraseoloxía histórica (o sistema de ordenación das unidades, as distintas convencións tipográficas e outras decisións tomadas) e presenta, a modo de exemplo, unha ficha completa de cinco unidades representativas de cadansúa categoría: *a las veces/a veces* (adverbial), *así que* (conxuntiva), *las paredes oyen* (oracional), *a como de/en como de* (prepositiva), *caer [alguien] de pie* (verbal). Este capítulo reproducese tamén no CD-ROM, no que están recollidas íntegras as 312 fichas do catálogo completando un total de máis de 800 páxinas.

Estreitamente relacionado co anterior está o capítulo VII (*Estudio de las locuciones en la obra literaria de don Íñigo López de Mendoza (II). Análisis Histórico-gramatical del Catálogo descriptivo de fraseología histórica*, pp. 147-232), o máis extenso do libro se exceptuamos o CD-ROM. Nel, aproveitando o inmenso material fornecido polo catálogo,

ocúpase de realizar unha caracterización xeral de cada un dos tipos de locucións de acordo coa estrutura con que foron confeccionadas as fichas fraseolóxicas. Para non nos estendermos de máis, salientaremos só algunha das observacións que nos parecen máis interesantes:

No apartado das tipoloxías textuais representativas analiza os esquemas estruturais a partir dos que se forman as unidades fraseolóxicas estudadas. O número de esquemas é considerable e oscila entre os 25 das locucións adverbiais (dos que o máis produtivo é preposición+elemento nominal ou pronominal: *a desora, a maravilla, de consuno...*) e os catro das locucións prepositivas (dos que o esquema máis documentado é preposición+substantivo+preposición: *a fuer de, a guisa de, en como de*).

Canto á súa inclusión nas tradicións lexicográficas preacadémica, moderna e contemporánea e documentación textual procedente do CORDE, destaca o autor que a maior parte das locucións documentadas están recollidas na tradición lexicográfica española, o que indica un grao de institucionalización avanzado. Isto está en relación co feito de que a maior parte destas locucións teñen a súa primeira documentación no século XIII. Estamos, logo, ante un proceso avanzado de fixación. Con todo, tamén é significativo o número de unidades fraseolóxicas que non chegaron a consolidarse en castelán. Llavata observa perspicazmente que este grupo corresponde en xeral a locucións formadas no período de produción do Marqués de Santillana ou na tradición poética castelá inmediata. Trátase, por tanto, de unidades en proceso de fixación das que moitas non chegarían á institucionalización. Comproba igualmente que o grupo máis representativo neste sentido está formado por locucións verbais (*armar manganilla* ‘incitar a la confusión, al desorden’, *cortar la tela* ‘hacer morir’, *dar coques a las espuelas* ‘obstinarse en una actitud’, *venir en popa* ‘ser favorable [alguna cosa]’, etc.).

Polo que respecta á análise da motivación orixinaria observa unha diferenza entre os procesos de lexicalización e gramaticalización das locucións adverbiais, prepositivas ou conxuntivas, por un lado, e os das locucións verbais, fundamentado este último nos mecanismos da metáfora e a metonimia, como se pode comprobar nos exemplos citados no remate do parágrafo anterior.

Nos apartados dedicados ao estudo do grao de fixación fraseolóxica, comproba que o proceso de fixación é plenamente compatible coa existencia de variación, unha variación que é maior no caso das locucións adverbiais e prepositivas e menor nas verbais. Os mecanismos utilizados na conformación de variantes fraseolóxicas repítense en todas as clases locucionais: alternancia de preposicións (*de grado/en grado, en verdad/por verdad, en manera que/por manera que*), conmutación léxica (*sin otro tardar/sin otra tardanza, por pavor de/por temor de*) e ausencia ou presenza de actualizadores (*a veces/a las veces, a pie de/al pie de*), variación morfolóxica (*toda hora/todas horas, a mano de/a manos de*), entre outros. Neste apartado menciona tamén a variación gráfica nun sentido que non podemos compartir, pois se é aplicable a alternancias como *en pronto/en prompto* ou *por estenso/por extenso* non nos parece adecuada para dar conta da variación morfolóxica que opón parellas como *ante que/*

*antes que, como quier que/como quiera que, maguer que/maguera que ou acerca de/cerca de, etc.*

Finalmente, nos apartados dedicados ás propiedades gramaticais ocúpase principalmente en sinalar os valores semánticos propios das locucións: modal, temporal ou discursivo no caso das adverbiais; concesivo, temporal, consecutivo, cohesivo-ordenador nas conxuntivas, etc.

Analizada a parte central do catálogo fraseolóxico, os últimos capítulos dedícanse aos compoñentes periféricos ou marxinais do inventario fraseolóxico, a aqueles elementos cun índice de fraseoloxización baixo. Así, no capítulo VII (*Estructuras gramaticales con índices mínimos de fraseologización. Las construcciones de verbo soporte*, pp. 233-272) o autor estuda, aínda que con menos exhaustividade que no caso das locucións, trinta unidades que, seguindo a consideración estreita de García-Page, considera que non deben formar parte do catálogo. Mesmo así, como mostran algunhas características das unidades fraseolóxicas, non resiste a tentación de incluílas en capítulo aparte (*dar fin, fazer bodas, fazer memoria, poner en dubda, poner fin, prender espanto, traer a memoria, etc.*). Na nosa opinión, Llavata actúa correctamente. Incluso cabe sinalar que, adoptando unha postura máis flexible acerca da clasificación das unidades fraseolóxicas, para moitos investigadores esas construcións serían plenamente fraseolóxicas (colocacións).

Ilustrativo é tamén o seguinte capítulo (VIII. *Estructuras gramaticales sin índices de fraseologización. Estructuras de sintaxis libre*, pp. 273-288) no que, afastándose máis aínda do núcleo fraseolóxico, examina un conxunto de unidades que en principio intentou incluír no catálogo por presentar aparentemente características fraseolóxicas pero que, tras unha análise máis detallada, foron excluídas del por diversos motivos (*conmover a piedad, en el fin y conclusión, en toda sazón, por derecha vía, ser cierto, etc.*). O capítulo é interesante por canto nos mostra que os procesos de fraseoloxización son graduais, o cal implica que en moitas ocasións resulte complicado determinar se estamos ou non ante unha unidade fraseolóxica. Aquí podemos apreciar a argumentación aducida para tomar unha decisión ante dezaseis unidades conflitivas.

Un último capítulo de recapitulación e unha ampla nómina de referencias bibliográficas minuciosamente ordenadas dan fin á obra.

O resumo que antecede permite comprobar que, en definitiva, estamos ante unha completa obra, exhaustiva no que afecta á análise das 312 locucións documentadas na produción literaria do Marqués de Santillana. Pero tamén se trata dun libro interesante no que respecta ás cuestións teóricas e suxestións de toda índole que suscita a súa lectura.

Así, por exemplo, desde o punto de vista teórico hai que destacar a diferenza de tratamento que recibiron na investigación lingüística as locucións de tipo gramatical con respecto ás léxicas: expresións como *maguer que, maguera que, antes que, mientras que, ya que* están sobradamente estudadas na tradición gramatical da oración composta (certo que non desde a súa perspectiva fraseolóxica). Neste sentido, fronte a esta tradición gramatical que sinala que *antes* é un adverbio, *antes de* unha locución prepositiva e *antes de que*,



conxuntiva, cabe resaltar que moitas correntes funcionalistas actuais consideran, na nosa opinión con acerto, que estamos ante unidades de sintaxe libre formadas a partir dun núcleo adverbial *antes* e un modificador preposicional. Vemos, por tanto, que incluso en facetas tan específicas como esta hai problemas para delimitar os ámbitos da gramática e da fraseoloxía.

Interesante nos parece tamén a análise que o autor fai do proceso de fixación, con acertadas apreciacións sobre este proceso. Con todo, nalgúns casos o inxente material que proporciona permite que o lector poida tirar conclusións alternativas ás propostas polo autor. Así, por exemplo, o que Llavata analiza como un caso de variación preposicional na alternancia existente entre *en/a como de*, se temos en conta os dous únicos exemplos documentados na obra do Marqués de Santillana, móstrase máis ben como un caso no que a preposición aínda non está fixada, pois o seu emprego depende do verbo introdutor (*llegar a, traer en*):

*...fasta que llegemos a como del monte*

*Venia (...)/ un poderoso elefante/ que en como de sy traía (...)/ un castillo bien obrado.*

Noutros casos a variación preposicional proporciona datos curiosos acerca da arbitrariedade da lingua nos procesos de fraseoloxización, como sucede nas antigas locucións *mano armada, con mano armada* que acabarían sendo substituídas pola moderna *a mano armada*.

Seguindo coa variación diacrónica, o recurso á tradición lexicográfica móstrase un medio útil para coñecer o grao de institucionalización das unidades fraseolóxicas. Pero este recurso non deixa de dar sorpresas en ocasións. Como obras humanas, as obras lexicográficas non sempre recollen todo o caudal dunha lingua. Así, chama a atención que locucións fixadas xa na época do Marqués de Santillana nunca foran recollidas nunha obra lexicográfica (*tarde o temprano, sin más 'dilación'*). Creemos que neste e noutros casos similares Llavata debería ser máis crítico coa tradición lexicográfica (que non figure nos dicionarios non supón automaticamente a inexistencia dunha unidade fraseolóxica).

Tamén consideramos que a noción de locución oracional, que Llavata adopta doutros autores, debe ser revisada, pois para só catro casos se dá demasiada variación estrutural, entre as unidades de estrutura propiamente clausal (*Las paredes oyen*) e outras de estrutura prepositiva (*Por Dios*), que pouco teñen en común entre si.

Poderíamos seguir con comentarios puntuais pero é preferible que o lector interesado se interne nesta obra, fito importante nos estudos de diacronía fraseolóxica, que nos mostra un camiño que debe ser continuado con outros traballos de igual natureza, aínda que, dada a inxente cantidade de datos que é necesario manexar, será preciso que estean dispoñibles en rede para mellor manexo dun complexo catálogo diacrónico fraseolóxico do español.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ECHENIQUE, M. T. (2008): “Notas de sintaxis histórica en el marco del corpus de diacronía fraseológica del español (DIAFRAES)” en STARK, E., SCHMIDT-RIESE, R. e STOLL, E. (eds.): *Romanische Syntax in Wandel*. Tübingen: Gunter Narr Verlag; 387-397.
- GARCÍA-PAGE, M. (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos.
- KABATEK, J. e JACOB, D. (ed.) (2001): *Lengua medieval y tradiciones discursivas en la Península Ibérica. Descripción gramatical. Pragmática histórica y metodología*. Frankfurt / Madrid: Vervuert / Lingüística Iberoamericana.
- MONTORO, E. (2006): “Aproximación al pensamiento fraseológico de Eduardo Benot. A propósito de su obra gramatical” en SÁEZ, D. e RODRÍGUEZ, J. (eds.): *Diacronía, lengua española y lingüística. Actas del IV Congreso Nacional de la Asociación de Jóvenes Investigadores de Historiografía e Historia de la Lengua Española*. Madrid: Ediciones Síntesis; 397-412.

Luis González García

Universidade da Coruña